

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 30 de SETEMBRO de 2004**

ORDE DO DÍA dos asuntos que se van tratar na Sesión Plenaria Ordinaria que se celebrará o vindeiro xoves, día 30 de setembro de 2004, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Central-Actas

-Toma de posesión do Sr. Ferreiro Pardiñas como deputado provincial (fóra da orde do día).

1.- Aprobación da acta anterior, nº 10/04, correspondente á sesión celebrada o día 17 de setembro de 2004.

2.- Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 13.600 á nº 13.999.

3.- Proposición da Presidencia sobre informe ao expediente de segregación-agregación entre os Concellos de Oroso e Santiago de Compostela.

Economía, Facenda e Especial de Contas

4.- Expediente de modificación de créditos nº 3/04, recoñecemento extraxudicial de créditos e ampliación de subvencións nominativas recollidas na base 47ª de Execución do orzamento provincial do exercicio 2004.

Plans Especiais, Contratación e Equipamento

5.- Aprobación definitiva do expediente de alteración da cualificación xurídica de parte do edificio da Milagrosa e aprobación definitiva do expediente de ampliación da cesión de uso ao U.D.P. da superficie desafectada para centro de día para enfermos de Alzheimer, deterioración cognitiva e outros padecementos crónicos que xeran graves dependencias.

6.- Aprobación do proxecto de terminación e delegación no Concello de Porto do Son da contratación e execución da obra plurianual "Saneamento en Nebra-Xuño-Muro", incluída no Plan 2000 de infraestruturas anualidades 1997-2001, Código 99.3400.0596.2.

7.- Rectificación da denominación da obra do Concello de Sobrado incluída na 1ª fase da anualidade 2004 da primeira programación plurianual do IV Convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais.

8.- Aprobación inicial de cesión de uso de locais ao Concello de Santiago de Compostela coa finalidade de os incorporar á Rede municipal de centros e locais socioculturais.

9.- Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a *Asociación Sociedad Finisterre en América* (Argentina) para a posta en marcha dun proxecto de axuda solidaria.

10.- Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a *Asociación Benéfica de la Provincia de A Coruña* de Caracas (Venezuela) para a prestación dun servizo de atención médica.

11.- Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a *Asociación Civil de Beneficencia "Hogar Español"* (Montevideo-Uruguay).

12.- Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Excma. Deputación da Coruña e a *Sociedad Española de Beneficencia* (Venezuela) para a posta en marcha dun servizo médico de emerxencia.

13.- Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o *Centro Gallego de Jubilados y Pensionados de la República Argentina* para realizar as obras de mellora no centro social.

14.- Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o *Hogar Gallego para ancianos de Buenos Aires* (Arxentina) para o mantemento do fogar de acollida de persoas maiores.

15.- Aprobación do proxecto modificado do de reconstrución do pavillón polideportivo Ponte do Porto-Camariñas.

Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

16.- Aprobación do proxecto reformado da ampliación da plataforma e mellora do trazado na E.P. 1909 Carballo a Caión e acceso a Lagoa dende o P.K. 1,7 e até o P.K. 6 Carballo, código 03.1110.0008.0 incluído no Proxecto de Vías Provinciais 2003-2ª fase.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
ROGOS E PREGUNTAS

DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor en funcións, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas, e antes de proceder polo Sr. secretario á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, prodúcese a seguinte intervención:

Sr. presidente

Antes de comezar o debate dos puntos incluídos na orde do día, como se recibiu esta mañá a acreditación que acredita a don José Ferreiro Pardiñas como deputado provincial, en substitución do señor Santiso Miramontes, creo que procede que tome posesión do seu escano neste acto para que poida participar con plenitude de dereito xa neste pleno. Dime o secretario que ten que ser ratificado pola cámara, e eu propóño-lles ás señoras e señores deputados que ratifiquen a inclusión na orde do día da toma de posesión do Sr. Ferreiro Pardiñas.

Ratifícase a inclusión na orde do día por unanimidade.

Sr. secretario

Recibiuse hoxe mesmo, como di o Sr. presidente, na Secretaría Xeral desta deputación unha credencial expedida polo presidente da Xunta Electoral Central na que se acredita que se designou deputado provincial a don José Ferreiro Pardiñas en substitución, por renuncia, de don José Santiso Miramontes, por estar incluído na lista de candidatos presentada polo Partido Popular ás eleccións locais do 25 de maio de 2003.

Por outro lado, don José Ferreiro Pardiñas cumpriu o disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que di que todos os membros das corporacións locais formularán declaración sobre causa de posíbel incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou lles poida proporcionar ingresos económicos, formularán, así mesmo, declaración dos seus bens patrimoniais. Ambas as dúas declaracións, efectuadas nos modelos aprobados polos plenos respectivos, levaranse a cabo antes da toma de posesión, con ocasión do cesamento e cando se modifiquen as circunstancias de feito.

- TOMA DE POSESIÓN DO SR. JOSÉ FERREIRO PARDIÑAS COMO DEPUTADO PROVINCIAL.

De seguido, o Sr. Ferreiro Pardiñas entra no Salón de Sesións, e toma posesión do seu cargo, prometendo o desempeño deste e lendo a fórmula, imponéndolle seguidamente a medalla da provincia como atributo do seu cargo de deputado provincial.

De seguido, o Sr. Secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, Nº 10/04, CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 17 DE SETEMBRO DE 2004.

Apróbase a acta anterior, nº 10/04, correspondente á sesión celebrada o 17 de setembro de 2004.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 13.600 Á Nº 13.999

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 13.600 á nº 13.999.

Sr. secretario

Dentro das tomas de coñecemento hai que dar conta ao Pleno, segundo o disposto no artigo 96 do Regulamento Orgánico, que o Grupo Provincial Popular comunicou, con data do 20 de setembro pasado, a adscrición do deputado don Eduardo Lamas Sánchez ás comisións informativas ás que pertencía o deputado don José Antonio Santiso Miramontes.

3.- PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE INFORME AO EXPEDIENTE DE SEGREGACIÓN-AGREGACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE OROSO E SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Sr. secretario

Por se tratar dun asunto non ditaminado pola comisión informativa procede previamente á votación do asunto a ratificación por parte do Pleno da inclusión do asunto na orde do día.

Por unanimidade ratifícase a inclusión deste asunto, e apróbase tamén por unanimidade.

ACORDO

“1º Ratificar a Resolución da Presidencia do 30 de agosto de 2004 do seguinte teor literal:

Don SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA, Presidente desta Corporación resolveu:

Visto o expediente de segregación-agregación entre os Concellos de Oroso e Santiago de Compostela, instado voluntariamente por ambas corporacións, estando de acordo coa modificación dos respectivos termos municipais e tendo en conta que o exercicio das competencias provinciais non quedarán afectadas pola resolución que sobre o expediente recaia; de conformidade co disposto no artigo 36.b da Lei 5/1997, do 22 de xullo da administración local de Galicia,

Que se informe favorablemente sobre o mencionado expediente de segregación-agregación entre os Concellos de Oroso e Santiago de Compostela.

2º.-En consecuencia, informar favorablemente sobre o expediente de segregación-agregación entre os Concellos de Oroso e Santiago de Compostela.”

4.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 3/04, RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS E AMPLIACIÓN DE SUBVENCIONES NOMINATIVAS RECOLLIDAS NA BASE 47ª DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PROVINCIAL DO EJERCICIO 2004.

INTERVENCIONES

Sr. Lagares Pérez

En primeiro lugar, dar a benvinda ao novo deputado provincial en nome do equipo de goberno, e desexarlle os maiores éxitos no seu traballo no labor de deputado provincial.

Señoras e señores deputados, imos debater o Expediente de modificación de créditos número 3 correspondente ao exercicio 2004, por unha cantidade algo superior a 3.000.000.- de euros. Este expediente afecta a distintos aspectos orzamentarios de

tipo xeral, a un recoñecemento extraxudicial de créditos, e incorpora distintas subvencións nominativas recollidas, neste caso recolleranse na Base 47 do orzamento provincial de 2004, e ao abeiro do disposto na Lei xeral de subvencións, na Lei 38/2003, e concretamente dos seus apartados a e c do artigo 22.2.

Estes tres aspectos fináncianse ao cen por cento en baixas por anulación, en algo máis de 1.600.000 euros, e de remanente de Tesourería para gastos xerais o resto do expediente. Eses serían, digamos, os aspectos globais, de cantidade, o que abrangue e como o financiamos.

Dentro do gasto hai unha partida destacada sobre todas as demais que forma parte dos proxectos singulares, unha novidade coñecida polas señoras e señores deputados, que entra en vigor neste exercicio, que continuará en 2005, despois da comunicación recibida por esta institución por parte do MAP, e que se trata neste caso dun proxecto de CODIMA, do Consorcio das Mariñas, que está subvencionado ao 50% por esta institución, e ao 50% polo Ministerio para as Administracións Públicas. Significa o 35% deste expediente de modificación de créditos, por algo máis de 1.050.000 euros. E o que imos tratar exclusivamente é cambialo de partida, é dicir, facer un cambio da partida 6, de investimentos propios, á partida 7, capítulo VII, transferencias de capital, para que sexa o propio Consorcio das Mariñas o que faga a xestión deste proxecto CODIMA. Este proxecto, un proxecto dixital ambicioso, ten íntima relación cunha partida que tamén aparece neste expediente de modificación de créditos, concretamente cunha partida de 150.000 euros para a contratación de traballos de consulta previa para solucionar o acceso a internet nas zonas rurais, que é un proxecto, entendemos, ambicioso, e que vai estar plenamente coordinado, non só co proxecto CODIMA, senón co proxecto de vías dixitais que tamén foi referendado por esta cámara a través dun acordo plenario do mes de xuño ou xullo, e doutros aspectos que se están a facer en distintas zonas da provincia, por exemplo o proxecto de internet de facer chegar ás zonas rurais da bisbarra das Mariñas betanceiras e á terra de Melide que se está potenciando pola Fundación Comarcal de Betanzos. É dicir, todos estes proxectos, temos que buscar unha unidade, que diso se vai tratar, unha unidade para que, de forma conxunta e coordinada cheguemos a todo o fondo da provincia da Coruña coa modernización, sobre todo nas zonas rurais, onde é máis complexo levar internet e as novas tecnoloxías.

Tamén quero destacar as subvencións nominativas que se recollen no ditame e que son unha relativa Fundación Galicia-Emigración, para axuda aos emigrantes galegos, hoxe neste pleno podemos dicir que imos tratar distintos aspectos e convenios para comunidades galegas no exterior, fundamentalmente en Venezuela, Arxentina e Uruguai, pero á parte existen dúas subvencións nominativas, unha delas, repito Fundación Galicia- Emigración, e outra para un proxecto de equipo técnico para facer un museo da emigración galega en Arxentina, é conveniente recuperar a memoria histórica dos nosos antepasados que tiveron que ir alén do mar para facer os seus traballos porque aquí na nosa terra non lles daban as oportunidades suficientes, vai ter

unha subvención nominativa de algo máis de 37.000 euros, concretamente 37.800 euros.

O Concello de Rianxo recibirá para un centro socio-cultural da mocidade e da terceira idade, un centro onde están a participar distintas institucións, como é a Xunta de Galicia, o proxecto AGADER, que son fondos europeos, e que tamén a propia deputación co concello se vai incorporar cunha subvención nominativa de 180.000 euros.

O Concello de Santiago vaino facer a través dunha páxina web cun importe de 57.740 para o fomento e promoción económica, e onde participa non só o Concello de Santiago a través da Consellaría de Promoción Económica, senón tamén a universidade e o tecido empresarial, e neste caso a Deputación Provincial da Coruña tamén nos incorporamos a este aspecto de promoción económica na capital de Galicia.

A Asociación de Gandeiros AXE para o programa informático de xestión agropecuaria recibe unha cantidade de 40.400 euros.

O museo Terra de Melide para gastos de funcionamento recibirá unha subvención nominativa así mesmo de 30.000 euros.

E por último, o Instituto de Ensino Secundario que depende da casa, o Puga Ramón, para actividades extraescolares 7.000 euros.

Isto ao abeiro, como dicía, da Lei de subvencións e baseándonos, dentro das bases de execución do orzamento, da base nº 47, como indicaba ao inicio da miña intervención.

Tamén como partidas destacadas dentro do expediente de modificación queremos destacar 60.000 euros para mantementos informáticos, tanto internos, é dicir, da propia institución, como asociacións de veciños, na informática que posúen as asociacións de veciños, e as aulas municipais de informática. É necesario suplementar esta cantidade debido a que a partida está esgotada.

E como non, destacar dentro de investimentos propios o amoblamento do novo edificio administrativo, que está a punto de culminar, e que supón unha contía de 721.214 euros para ter previsto o contido no momento en que se fixe o destino ao que vai ser levado este novo edificio administrativo.

Destacarlle ás señoras e señores deputados que este expediente cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, quere dicir que non se produce ningún endebedamento financeiro da institución.

E xa vou rematando nesta primeira intervención, solicitando do Grupo Popular o seu voto favorábel, de forma que continuando coa mesma filosofía intentamos, a través deste expediente nº 3, mellorar os servizos da provincia. Eu destacaría sobre todo o proxecto ambicioso de internet, de CODIMA, coordinado con distintos aspectos que sinalai ao longo da intervención e que merecen unha atención para mellorar, repito, todos os servizos e chegar á cidadanía, sobre todo a todos aqueles cidadáns da zona rural que teñen máis dificultades.

Nun principio nada máis e moitas grazas.

Sr. Rodríguez Rodríguez

En relación coa intervención do Sr. Lagares sobre este expediente de crédito extraordinario, suplemento de crédito, analizando esta partida, efectivamente vemos que hai un proxecto moi importante relativo ao Consorcio Dixital das Mariñas, proxecto CODIMA, e preocúpame, non me preocupa senón que agardo, é o termo correcto, que dentro destes créditos extraordinarios as declaracións do Sr. Lagares se concreten en algo máis ca nunha simple enunciación dos propósitos. Refírome a que a deputación na lexislatura anterior emprendeu un programa moi ambicioso e aprobouse un plan estratéxico para a sociedade da información por este pleno, creo lembrar ademais que se aprobou por unanimidade de toda a corporación. Este plan estratéxico formula unha filosofía de cal é a función da deputación no acceso ás novas tecnoloxías e a responsabilidade que ten a deputación para impulsar a sociedade da información, non só no seu propio servizo senón tamén en relación coa sociedade. Neste sentido quero lembrar que se iniciou un dos proxectos máis cobizosos, que é a informatización de todos os concellos da provincia, que se concluíu unha primeira fase e que está pendente de inicio a segunda fase, e que implicaría pechar un expediente, un proxecto que permitiría que todos os concellos da provincia puidesen utilizar internet nas súas actividades internas, nas súas relacións coa cidadanía.

O que nos preocupa a nós dentro deste tema é que no propio informe na documentación que consta no expediente, dise por exemplo, en relación a isto, por parte do informe de Intervención que no proxecto non está definido claramente e en segundo lugar, non se acompaña proxecto técnico, e por outra parte non se introduce ningún dos aspectos que vostede sinalaba na súa intervención, é dicir, a coordinación co proxecto vías dixitais, a coordinación, en definitiva, co conxunto de actuacións que a deputación está a emprender, non está acreditada, nin figura, nin hai ningún documento nin ningunha información que avale a súa afirmación.

Nós entendemos que este conxunto de actuacións, sobre todo cofinanciadas co Ministerio de Administracións Públicas, que permiten que a deputación non asuma ao cen por cento o custo do proxecto son positivas e necesarias. O que si pedimos e esiximos, como é natural, é que este conxunto de actuacións estea coordinada, polo

tanto nós agardamos a que no próximo Pleno se presente un informe sobre esa coordinación e como se está a actuar a nivel da deputación neste sentido.

E para que non quede nunha simple declaración, formularemos unha proposición nese sentido para debate no próximo pleno, pedindo ao goberno provincial que nos exprese como se vai desenvolver a coordinación, e como están relacionados o conxunto de proxectos, e que pasa co importante proxecto de informatización de todos os concellos da provincia que afecta singular e moi especialmente aos concellos pequenos.

En relación ás subvencións nominativas, eu quería lembrar aquí o que din os servizos técnicos desta deputación, en xeral en todos os expedientes formulan unhas observacións que vou ler literalmente, que na concesión de subvencións nominativas di o secretario xeral en moitos expedientes, vale para este mesmo: "...debe suxeitarse aos principios de publicidade e concorrencia indicados no disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións, que corresponde ao Pleno, logo do exame do expediente, a elaboración da concorrencia das circunstancias singulares e excepcionais que aconsellen a súa concesión." Por outra parte, a propia Intervención tamén recolle o mesmo principio, que se deberían expresar en calquera expediente de subvencións nominativas as razóns de excepcionalidade e os motivos de interese público que xustifiquen os termos citados con obxecto de dar cumprimento previsto na lei, nas bases da propia deputación, na Lei xeral de subvencións e na Lei de réxime xurídico da Administración do Estado.

Quero dicir que aínda que a min persoalmente me pareza moi ben que ao Concello de Santiago se lle conceda unha axuda, pola miña dobre condición de voceiro dun grupo municipal no concello, en xeral non vemos que se acredite no expediente que por que o Concello Rianxo, por que o Concello de Santiago, e por que -falando xa noutro terreo de entidades privadas-, a Asociación de Gandeiros AXE, por que unha asociación e non outra; por que un concello e non outro; xa digo que a min, pola miña dobre condición gustárame que se lle dese moito diñeiro ao Concello de Santiago, pero como membro desta deputación e sometido á lei teño que pedir que esa concesión se lle dea de acordo cos trámites legais e coas normas previstas xeralmente. Non hai no expediente ningún documento que xustifique, en todas as subvencións nominativas, en todas, as razóns de excepcionalidade e interese público singular que aconsellen apartarse do principio establecido na Lei xeral de subvencións. E iso é así e así está no expediente.

En relación aos suplementos de crédito que se formulan aí, nada que obxectar porque son relativos suplementos de carácter puramente burocrático, liquidación de obras de arquitectura popular, gastos de mantemento plan informático, pagamento de alugueiros, anuncios de expropiacións... En definitiva, non hai ningunha singularidade que determine que nós poñamos algunha obxección a este tema.

Si, en relación aos temas de subvencións a entidades do exterior, como vai ser obxecto dun punto específico da orde do día, será tratado no seu momento.

En resumo, nós pensamos que nesta deputación a discrecionalidade cada vez é máis obrigada a súa xustificación, porque hai unha lei do ano 2003, a Lei xeral de subvencións, que non existía até ese momento, que obriga especificamente a xustificar as razóns de interese público e excepcionalidade que impidan acudir aos principios de publicidade e concorrência, e non están acreditados neste expediente.

Non obstante, por razóns de que nel hai aspectos absolutamente positivos e necesarios, outros que son necesarios *a priori* pero que requirirán esa xustificación en relación á coordinación de todos eses proxectos da sociedade da información, o noso voto vai ser de abstención.

Sr. Lagares Pérez

Brevemente, Sr. presidente, agradezo a intervención do voceiro do Grupo Popular e lamento que non nos poidan apoiar co seu voto favorábel neste caso ao expediente de modificación de créditos. Simplemente facer un par de matizacións, dicirlle que, como ben saben vostedes, un expediente de modificación de créditos non só é unha declaración de intencións, senón que necesita un desenvolvemento a través de convenios e a través de certas referencias e de certos complementos que é necesario, que é necesario e que se van achegar, sen dúbida. Quero dicir que non cabe dúbida de que o proxecto estratéxico do que nos falaba o Sr. Rodríguez da informatización de asociacións de veciños e concellos é un proxecto cobizoso, naturalmente aquí tamén estamos a falar dun proxecto tamén moi cobizoso, que é trasladar internet a toda a zona rural de toda a provincia da Coruña, é dicir, facer da provincia da Coruña unha provincia pioneira na cuestión de internet e na chegada da información e das novas tecnoloxías a todos os lugares máis recónditos desta provincia. E seguiremos, e insistimos niso, non só co proxecto que aquí se vai elaborar, senón que coordinaremos CODIMA, coordinaremos as vías dixitais, que xa se anunciou no seu debate, que virían a vindeiros plenos, -e este é un deles-, novas actuacións, e a través doutras, como citaba con anterioridade, na Fundación Comarcal de Betanzos e a través da bisbarra das Mariñas betanceiras e da comarca da Terra de Melide entre outras. Polo tanto, eu creo que esta preocupación que ten o Grupo Popular, que deixe de ser preocupación, que pronto se plasmará debidamente nun documento concreto, estamos nun expediente de modificación de créditos que ten unha documentación básica.

E falaba das subvencións nominativas. Eu non quero relerlle o que di a lei, porque xa llo lín no pleno anterior, pero que as subvencións nominativas se utilizaron nos últimos orzamentos polo Grupo Popular, e nós estamos utilizándoas dentro do marco da Lei de subvencións, da lei que se aprobou, ou que entrou en vigor no mes pasado de febreiro. O artigo 22.2, apartados a) e c), di o c): "...con carácter excepcional aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social,

económico, humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.” Leo textualmente o que di a lei nese apartado c) do artigo 22. Entendemos, entende este equipo de goberno que estas subvencións nominativas que encaixan perfectamente dentro deste apartado. E como non, a discrecionalidade da que fala vostede, entón faise unha autocrítica a vostedes mesmos, se isto se utilizou, repito, polo Partido Popular nos distintos orzamentos, non vou citar aquí as distintas subvencións nominativas do orzamento 2002, 2003, ou imos máis atrás se así o consideramos.

Eu simplemente quero lembrar que este expediente vai ser un expediente cun complemento que entón tratarán distintos puntos do pleno, que tería tres apartados fundamentais: un apartado de levar as tecnoloxías, internet, a toda a provincia; un segundo apartado de manter unha atención constante e solidaria cos nosos emigrantes; e un terceiro apartado de que é necesario contribuír ao contido, xa que temos o continente, dese museo edificio administrativo que hai que prever a súa reforma.

E polo tanto, reitero, agradecendo a intervención do Sr. Rodríguez, reitero o pedimento do voto favorábel para este expediente de modificación de créditos. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Sr. Lagares, por favor, a min gústame que nos debates, cando se formulan neste pleno da deputación, todos entendamos que cando estamos a falar non practicamos o método de falar contra as paredes senón dirixido a outras persoas, -estou a falar con todo o respecto persoal, eh!-, porque a súa argumentación, sobre todo o final, a min deixoume perplexo, é dicir, leme literalmente o precepto que mencionara eu, que di que “...con carácter excepcional aquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico, monetario ou outras, debidamente xustificadas no expediente, que dificulte a convocatoria pública, serán obxecto de subvención nominativa.” E aquí non hai ningunha xustificación de interese público, social, económico, humanitario, xustificado que dificulte a convocatoria pública. É dicir, vostede alega un precepto que non cumpre. E non o cumpren, onde está esa xustificación no expediente? onde figura?. E a Intervención dio, e a Secretaría dio. Non son eu; son os técnicos desta casa. Vostede mesmo se rebate, e por riba pretende dicir que está xustificado, cando non hai nada, absolutamente nada no expediente que xustifique ese interese público excepcional, por que esta asociación e non outra?, por que este concello e non outro?, é que é o único concello que vai facer unha determinada actuación?, aínda que reitero que a min encántame, pero teño que asumir aquí o meu papel de deputado provincial.

E en relación ao primeiro aspecto, simplemente, díxenllo: está aí, queremos coordinarnos, queremos que todas as actuacións da deputación en materia da sociedade da información correspondan a un proxecto global, e imos pedir que vostedes nos

manifesten ese proxecto global. E como é natural, á vista de todo o dito por vostede, reiteramos a nosa posición de abstención.

Sr. presidente

Sr. Lagares, eu penso que estaba suficientemente debatido na primeira intervención, pero se é brevemente.... ten a palabra, brevemente.

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. presidente, señoras e señores deputados, brevisimamente. Simplemente recomendarlle neste caso ao Sr. Rodríguez que lea ben os informes, que lea ben a letra pequena tamén, non lea só os titulares, porque igual nos quedamos niso, nun titular, simplemente iso, que lean a letra miúda. Moitas grazas.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Coa mesma brevidade. Até agora conseguín saber ler.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (11 -PSOE e 5 -BNG)

Votan en contra: ningún.

Abstéñense: 15 deputados (PP)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Despois de examinar o expediente e maila documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril

Esta comisión adopta o seguinte acordo:

1º.- Recoñecer as obrigas de pagamento por importe total de 20.142,60 €, a favor das persoas físicas e xurídicas que a seguir se detallan, consonte co que establece o artigo 26 do Real decreto 500/90, do 20 de abril:

A favor do CONCELLO DE BETANZOS, que corresponde aos recibos nº 61 a 84 correspondentes aos meses de xullo 2001 a xuño 2003, relativos aos arrendamentos da oficina de recadación de Betanzos.

2º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 3/04 de competencia do Pleno, que se tramita dentro do vixente orzamento xeral, por un importe de 3.005.489,05 € e que ofrece o seguinte resumo:

Aumentos:

CE. Créditos extraordinarios 1.479.439,65
 SC. Suplementos de crédito 1.526.049,40

Total de aumentos: 3.005.489,05

Baixas (financiamento):

BA. Baixas por anulación 1.632.699,65
 RX. Remanente de tesourería para gastos xerais 1.372.789,40

Total de baixas: 3.005.489,05

3ª.- Incorporar as subvencións nominativas recollidas na base 47ª do Orzamento provincial do exercicio 2004, as que se enumeran a continuación, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2.d da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

<u>APLIC. PRESUP.</u>	<u>BENEFICIARIO</u>	<u>OBXECTO E FINALIDADE</u>	<u>IMPORTE</u>
0103/463C/489.99	Fund.Galicia Emigración	Axudas emigrantes galegos	50.000,00
0103/463C/489.99	Museo Emigración Galega	Proxecto e equipo técnico	37.800,00
0202/454B/762.99	Concello de Rianxo	Centro sociocultural, xuv. e 3ª idade	180.000,00
0305/521A/462.00	Concello Santiago de Compostela	Páx. web para Fomento e Promoción	57.740,00
0305/711E/789.99	Asoc. Gandeiros AXE	Prog. informático xestión agropecuaria	40.400,00
0601/451C/489.99	Museo Terra de Melide	Gastos de mantemento	30.000,00
0601/451H/489.99	APA I.E.S Puga Ramón	Actividades extraescolares	7.000,00
TOTAL NOVAS SUBVENCIONES NOMINATIVAS			402.940,00

4º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

5º.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

5.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DA CUALIFICACIÓN XURÍDICA DE PARTE DO EDIFICIO DA MILAGROSA E APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE AMPLIACIÓN DA CESIÓN DE USO AO U.D.P. DA SUPERFICIE DESAFECTADA PARA CENTRO DE DÍA PARA ENFERMOS DE ALZHEIMER, DETERIORACIÓN COGNITIVA E OUTROS PADECIMENTOS CRÓNICOS QUE XERAN GRAVES DEPENDENCIAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Considerar aprobado definitivamente o expediente de alteración da cualificación xurídica de parte do edificio da Milagrosa, cuxa aprobación inicial acordou o Pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrada o 30 de xullo de 2004, e expuxo para información pública mediante o anuncio publicado no BOP nº 180 do 6 de agosto de 2004, sen que se formularan reclamacións.

A superficie total desafectada é de 653, 50 m² co seguinte detalle:

Superficie construída na planta 2ª	592,60 m ²
Escaleira planta baixa	19,60 m ²
Escaleira planta 1ª	19,00 m ²
Escaleira planta 2ª	22,30 m ²

Consecuentemente a parte desafectada queda cualificada como ben patrimonial, de acordo co establecido no art. 8 do Regulamento de bens das entidades locais.

2.- Aprobar definitivamente o expediente de ampliación da cesión do uso á U.D.P da superficie á que se refire o apartado 1º, rexendo o mesmo prazo e demais condicións estipuladas no acordo plenario do 11 de xuño de 1999, no convenio datado o 17 de xuño de 1999 (nº 21/99), na acta de entrega con data do 26 de abril de 2002, e na acta de entrega do 3 de xuño de 2003 (nº 57/2003)

3.- Facultar ao presidente da Corporación para a execución do presente acordo.”

6.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE TERMINACIÓN E DELEGACIÓN NO CONCELLO DE PORTO DO SON DA CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN DA

**OBRA PLURIANUAL "SANEAMIENTO EN NEBRA-XUÑO-MURO",
INCLUÍDA NO PLAN 2000 DE INFRAESTRUTURAS ANUALIDADES
1997-2001, CÓDIGO 99.3400.0596.2.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tendo en conta que mediante Resolución de Presidencia nº 2.651 de 4 de marzo de 2004 se dispuxo declarar a resolución do contrato de execución da obra "Saneamento en Nebra, Xuño, Muro, Pl." do concello de Porto do Son incluída no Plan 2000 de Infraestructuras anualidades 1998, 1999, 2000 y 2001, Código: 98.3400.0596.0, estando executada a totalidade da anualidade 1998 e parte da de 1999, e quedando un resto pendente de executar por importe de 291.306,41 € por riba do presuposto de contrata da obra.

Visto o acordo adoptado por esta Deputación o 3 de maio de 2002 relativo á delegación nos respectivos concellos dos investimentos incluídos nas anualidades 1997, 1998 y 1999 do Plan 2000 de Infraestructuras cuxa contratación correspondía inicialmente á Deputación e que estén pendentes de contratar, no que se indicaba que a delegación podería afectar a aqueles investimentos que estaban adxudicados pola Deputación e cuxo contrato poidera ser resolto nun futuro, de xeito que previa a realización dos trámites administrativos e presupostarios necesarios poideran ser contratadas e executadas polos respectivos concellos.

Dado que por parte do concello de Porto do Son se adoptou un acordo plenario de solicitude da delegación da contratación e execución desta obra e prestouse aprobación ao proxecto de terminación.

Considerando que existe consignación suficiente na partida 0501/519Z/76287 do vixente presuposto provincial.

1.- Aprobar o proxecto de terminación da obra denominada “Terminación de saneamento en Nebra, Xuño, San Pedro de Muro. Pl.” incluída no Plan 2000 de infraestructuras 1997-2001, que non representa unha variación no seu orzamento total, nin varía a finalidade ou o obxecto da obra, pero si implica internamente unha modificación substancial en relación co proxecto inicial. Os seus datos son os seguintes:

<u>Concello</u>	<u>Código</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación fondos propios</u>	<u>Deputación préstamo</u>	<u>Orzamento total</u>
-----------------	---------------	---------------------	--------------------------------------	--------------------------------	----------------------------

Porto do Son	99.3400.0596.2	Terminación saneamento en Nebra, Xuño, San Pedro de Muro. PI	99.928,36	0,00	99.928,36
	00.3400.0596.0	Terminación saneamento en Nebra, Xuño, San Pedro de Muro, 2A	0,00	111.187,24	111.187,24
	01.3400.0596.0	Terminación saneamento en Nebra, Xuño, San Pedro de Muro, 3A	80.190,81	0,00	80.190,81
T O T A L			180.119,17	111.187,24	291.306,41

2.- Delegar no Concello de Porto do Son a contratación e execución desta obra.

3.- O financiamento desta obra realizarase con cargo á partida 0501/519Z/76287 do Plan 2000 de infraestruturas - obras contratadas polos concellos.”

7.- RECTIFICACIÓN DA DENOMINACIÓN DA OBRA DO CONCELLO DE SOBRADO INCLUÍDA NA 1ª FASE DA ANUALIDADE 2004 DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DO IV CONVENIO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA 2002-2006 PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os proxectos técnicos e demais documentación das obras que figuran no anexo a este acordo, das previstas na primeira programación plurianual das obras que vai contratar a deputación incluídas no Convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais, que aprobou o Pleno desta deputación na sesión celebrada o 29.11.02 e publicou no BOP nº 277, con data do 3.12.2002.

Vista a solicitude de cambio relativa á tipoloxía do terreo de xogo do campo de fútbol municipal, formulada polo Concello de Sobrado e xustificada no informe técnico municipal, no senso de substituír a herba sintética que figuraba na programación por herba natural:

1º) Rectificar a denominación da obra do Concello de Sobrado que pasa a denominarse “Campo de fútbol de herba natural”, o que se recolle no [anexo](#) que se xunta a este acordo.

2º) Con esta rectificación o resumo do financiamento da 1º fase da anualidade 2004 é o mesmo que figura no acordo plenario provincial do 25 de xuño de 2004.

3º) Remitirlle este acordo á Xunta e á Comisión Galega de Cooperación Local polo prazo de dez días para o seu coñecemento e informe e someter este acordo a exposición pública polo prazo de dez días mediante a publicación dun anuncio no BOP

co obxecto de que se formulen as alegacións que se consideren oportunas. No caso de non presentárense alegacións ou reclamacións no citado prazo entenderase definitivamente aprobada esta fase”

ANEXO CORRIXIDO AO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DA 1ª FASE DA ANUALIDADE 2004 DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS INCLÚIDAS NO CONVENIO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA 2002-2006 PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

Código	Concello/Denominación/Módulos	Presuposto total	2003	2004	2005	
04-7450.0006.0	CAMBRE	Deputación	402.678,11	0,00	161.071,24	241.606,87
		Achega concello	198.333,99	0,00	99.167,00	99.166,99
	CAMP DE FÚTBOL DE HERBA SINTÉTICA	Total	601.012,10	0,00	260.238,24	340.773,86
04-7450.0006.3	CONTROL DE CALIDADE	Deputación	6.010,12	0,00	6.010,12	0,00
04-7450.0006.5	DIRECCIÓN DE OBRA	Deputación	13.590,94	0,00	13.590,94	0,00
		Total concello	620.613,16	0,00	279.839,30	340.773,86
04-7450.0021.0	SOBRADO	Deputación	492.829,92	0,00	197.131,97	295.697,95
		Achega concello	108.182,18	0,00	108.182,18	0,00
	CAMP DE FÚTBOL DE HERBA NATURAL	Total	601.012,10	0,00	305.314,15	295.697,95
04-7450.0021.3	CONTROL DE CALIDADE	Deputación	6.010,12	0,00	6.010,12	0,00
04-7450.0021.5	DIRECCIÓN DE OBRA	Deputación	13.590,94	0,00	13.590,94	0,00
		Total concello	620.613,16	0,00	324.915,21	295.697,95
		Deputación	934.710,15	0,00	397.405,33	537.304,82
		Achega concello	306.516,17	0,00	207.349,18	99.166,99
	RESUMO DA 1ª FASE DA ANUALIDADE 2004	TOTAL	1.241.226,32	0,00	604.754,51	636.471,81

8.- APROBACIÓN INICIAL DE CESIÓN DE USO DE LOCAIS AO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA COA FINALIDADE DE OS INCORPORAR Á REDE MUNICIPAL DE CENTROS E LOCAIS SOCIOCULTURAIIS.

INTERVENCIONS

Sr. Rodríguez Rodríguez

O punto que se somete hoxe a aprobación deste Pleno da deputación penso que implica algo moi importante que, por suposto, paga a pena que nos detexamos nel. Isto é que na lexislatura anterior, por parte do grupo provincial do Partido Popular, do goberno provincial do Partido Popular, presentouse un programa de apoio ás asociacións de veciños, neste caso asociacións de veciños de máis de 50.000 habitantes. Tiña distintas liñas de actuación, tanto no que se refería a actividades, como a investimentos, como excepcionalmente, en casos singulares, a construción de edificios para asociacións de veciños.

Desenvolveuse este programa, sempre cos votos en contra do Partido Socialista e do BNG, e nesta lexislatura atopámonos co que o programa se renova. Isto prodúcenos unha especial satisfacción, pensamos que o mantemento dese programa expresa que non estabamos moi equivocados nese obxectivo, independentemente de que nós mesmos declaramos, e supoño que vostedes o declararán tamén, que haberá que ir estendendo a municipios máis pequenos tamén. A singularidade dos concellos de máis de 50.000 habitantes xustificaba unha acción singular, independentemente de que, obviamente, outros concellos tamén o demanden.

Porén había un aspecto que para nós era fundamental, ese aspecto era que as asociacións de veciños se convertían en protagonistas dunha relación directa coa deputación, nos concellos deste volume de actuación. Pensabamos que a deputación tiña dereito lexítimo para establecer esas relacións con eles porque a deputación é unha Administración local e lembro que nos debates que, moitas veces, moitos anos celebramos, nós lembrábase que Barcelona e outras deputacións, que están ao avance da política social provincial, ían en liñas parecidas ás nosas .

Esta filosofía mantense nesta lexislatura, canto ás axudas ás asociacións de veciños para actividades e investimentos, porén hai un aspecto no que se discrepa e cámbiase, que é naqueles casos en Santiago de Compostela en que a deputación adquiriu locais, construíu locais, e cedíalos ás asociacións de veciños para que elas en cesión de uso, entendendo por cesión de uso unha cesión en precario que permitía en todo caso que a deputación recuperase a titularidade se non cumprían a finalidade social, fosen as que administrasen estes locais, igual que eran as receptoras das subvencións e das axudas.

Así asináronse os correspondentes convenios coas asociacións de veciños e así cando se construíron os edificios e se puxeron ao seu dispor.

Que pasou despois?, produciuse o cambio a interregno das eleccións provinciais e estas asociacións atopáronse cun feito singular: nin o Concello de Santiago nin a deputación lles daba ningunha axuda para o seu funcionamento, recibían uns locais que non tiñan capacidade financeira para os xestionar, tendo en conta, ademais, que a deputación construíra locais con moita dignidade, estaban amoblados, a maior parte deles, os que estaban acabados, amoblados, pero obviamente non tiñan as asociacións capacidade. E transmitíuselle unha mensaxe: ou lle cedían os locais ao Concello de Santiago ou non recibirían ningunha axuda nin da deputación nin do concello, e estas asociacións presentaron un escrito de renuncia ao seu dereito que tiñan que xestionar estes locais.

E agora o que se trae aquí á orde do día é un convenio en función do cal a deputación lle cede estes locais ao concello, e agora si hai axuda para o funcionamento das actividades destas asociacións. Isto é un cambio, neste caso si. Hai que lembrar que as asociacións estaban dispostas a celebrar convenios que fosen suficientes co Concello de Santiago, para que?, para que todas as actividades que o concello quixese realizar alí, tivese prioridade absoluta de as realizar, en ningún caso se trataba de establecer unha illa de separación, senón simplemente un marco no cal a deputación recoñecía que as asociacións de veciños podían xestionar uns locais que foran pensados especificamente para elas, así estaba nas ordes de convocatoria no seu momento, e nas decisións que se tomaron, e que despois diante da negativa absoluta, negativa absoluta, a financiar os custos de funcionamento, nin total nin parcialmente, tiveron que renunciar a un dereito que tiñan, e agora entréganlla ao Concello de Santiago para que sexa o Concello de Santiago o titular destas instalacións.

Para nós é un cambio de criterio fundamental e implica un cambio de filosofía, de rexeitamento á autonomía das asociacións e á súa capacidade de poder liderar un movemento veciñal en condicións dignas nos casos en que a deputación asumía un compromiso. Por esa razón, Sr. presidente, nós imos votar en contra deste acordo. Moitas grazas.

Sr. Candela Castrillo

A verdade é que este é un tema relevante para a deputación e relevante loxicamente para os concellos e para os cidadáns da nosa provincia. Sen dúbida ningunha eu quero aclarar un pouco a orixe dese Plan de apoio veciñal que se define no anterior mandato, arredor do ano 2000, despois, efectivamente, dun fracaso electoral do Partido Popular nas grandes cidades da provincia, en concreto nas cidades de Santiago de

Compostela, de Ferrol e da Coruña, con especial relevancia na cidade de Santiago, onde o candidato deixara de ser conselleiro da Presidencia para ser candidato a alcalde, e fracasou. Evidentemente, deséñase un Plan de apoio veciñal para as cidades de máis de 50.000 habitantes, precisamente Santiago, A Coruña e Ferrol, gobernadas por gobernos progresistas, socialistas e do Bloque Nacionalista Galego, non para o conxunto da provincia, senón unicamente de cara a esas tres cidades, tratando de utilizar partidariamente a institución provincial, a deputación, como pivote contra eses gobernos progresistas, porque nese Plan de apoio veciñal non se conta cos concellos, non se conta en absoluto, descoñecen completamente os concellos e os gobernos municipais os obxectivos, as necesidades e as consecuencias que ía implicar. Polo tanto, marxínase aos concellos, precisamente que son o obxecto fundamental da actuación dunha Deputación provincial.

Conseguentemente este Plan trata en definitiva, feito á marxe dos concellos, de buscar un espazo propio de goberno nesas cidades en concreto, á marxe do goberno municipal, tratando desde a institución provincial de, efectivamente, de condicionar e de establecer canles, digamos de influencia, nas propias asociacións veciñais, no movemento veciñal.

A verdade é que este é un Plan que podemos dicir, en función dos resultados do obxectivo político que se pretendía, fracasado, porque no ano 2003, precisamente no ano 2003, non só con carácter xeral eses gobernos, o goberno da Coruña e de Santiago seguen mantendo un goberno progresista, senón que perde a propia Deputación provincial o Partido Popular. Neste sentido, xa que logo, hai que subliñar que, precisamente, se utiliza durante esa campaña electoral de maio de 2003, mesmo ese Plan de apoio veciñal como unha forma de facer campaña electoral, dúas razóns: inaugúrase oficialmente un deses centros socioculturais, o centro de Villestro, con placa incluída de D. Dositeo Rodríguez, pero evidentemente ese centro sociocultural de Villestro en Santiago de Compostela non chega a funcionar nunca, porque non ten luz, nin auga, nin alta, absolutamente nada, e ademais convócanse despois a convocatoria de axuda ás asociacións de veciños no mes de maio de 2003, e ao mes seguinte, Sras. e Sres. deputados, baléiranse as arcas, os créditos destinados a subvencións de asociacións de veciños ao mes seguinte. A verdade é que isto non ten parangón na actuación política do grupo de goberno da deputación anterior.

Conseguentemente, que é o que pasa?, pois que, efectivamente, o tema continúa, eses centros inaugurados oficialmente durante esa campaña electoral non funcionan, e o que é o colmo é que o mes de novembro, o 20 de novembro do ano 2003, cando existía xa unha nova maioría nesta Deputación provincial, formada polo Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, poucos días antes de tomar posesión, desde a Deputación provincial, desde o goberno anterior, supoño que sería D. Dositeo, paréceme que era, e o presidente, formalizan un convenio con esas dúas asociacións de veciños a quen se lles

cedeu eses locais que estaban cerrados, un convenio que non lles garantía nada, non contiña nin unha soa peseta, e feito iso sete ou oito días antes de que tomase posesión a nova Corporación provincial. Que pasou?, o que tiña que pasar, que as propias asociacións de veciños son unhas entidades seguramente, -por suposto, D. Dositeo, non sei, paréceme que as descoñece bastante- as propias asociacións de veciños no mes de febreiro cando tomou posesión esta nova Deputación provincial, á vista da situación, de ter que ocuparse en manter, en soste uns centros socioculturais que estaban cerrados, sen inaugurar realmente, collen e presentan escritos de renuncia, tratando de que eses centros socioculturais, como os outros que tiñan outros concellos, se integren na propia rede de centros socioculturais dos concellos, e isto foi o que pasou, e conseguintemente desde este goberno tratouse de dar unha solución, unha solución que, por un lado, permitise a utilización plena deses centros socioculturais, non só para esas asociacións de veciños senón para todo tipo de asociacións culturais, deportivas, de mulleres deses barrios, aberta a calquera desas asociacións para que puidesen utilizalo plenamente, e ao mesmo tempo tratando de que eses centros integrados na rede sociocultural, os concellos afectados, que reciben eses centros nos que non participaron para nada na súa definición, no seu lugar, na súa construción, en nada, efectivamente, puidesen asumir, canto menos durante un tempo, o impacto económico que ían supor os gastos de mantemento, de reparación e demais. E iso é o fondo desta proposta que se trae a este pleno, resolver un problema creado polo anterior goberno do Partido Popular, evidentemente, e posibilitar a apertura real deses centros para as asociacións de veciños, onde se lles vai reservar un espazo específico dentro de cada un deses centros, pero garantindo a súa utilización para todas as entidades asociativas, incorporando os concellos, si, porque son os concellos o obxecto fundamental onde a deputación ten que prestar a súa asistencia, e facéndoo en colaboración cos concellos, como non, como non podía ser doutra maneira.

Este é o fondo da cuestión, esta é a proposta que se trae e, evidentemente, só desde a reiterada obstinación do Sr. Rodríguez e do Partido Popular se pode votar en contra, contra esta proposta que se trae aquí. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Coñecendo o estilo característico que o Sr. Candela utiliza nos seus debates, eu xa supuña que pretendía mesturar churras con meiriñas. Home, Sr. Candela, na lexislatura 99 o PP gañou as eleccións municipais, creo lembrar que foron 11 concelleiros do PP, 9 do PSOE e 5 do BNG, o certo é que despois uníronse os outros dous partidos e gobernaron en Santiago de Compostela. Os fracasos son relativos, era a primeira vez que o Partido Popular gañaba unhas eleccións locais en Santiago de Compostela, quizais como a vostede non lle gusta lembralo, simplemente é un comentario, pero totalmente á marxe do tema que debatemos.

Sr. Candela, vostede actúa na política como di que actúan os demais, o que pasa é que os demais non somos vostede. Vostede pon na boca dos demais, supoño que os seus sistemas de actuación, eses non son os meus, serán os seus, vostede actuará así, non nós. Nós o que facemos é deseñar programas que sexan programas positivos e que beneficien aos cidadáns. Non somos membros dunha escura trama que utiliza a deputación para intereses particulares, vostede mesmo se contradi, porque a deputación mantén este ano este programa cun goberno provincial socialista e do BNG, onde está o interese electoral sectorio do Partido Popular cando vostedes manteñen o Plan de apoio a asociacións de veciños en concellos de máis de 50.000 habitantes?, onde está?, programa que nós seguimos apoiando e estamos na oposición na deputación, nós somos coherentes, porque pensamos que a deputación tiña dereito lexítimo a actuar fronte á sociedade, porque hai xente que di que as deputacións teñen que desaparecer, hai partidos políticos que non defenden as deputacións e as deputacións necesitan establecer contacto coa cidadanía, necesitan demostrar que non só apoian aos concellos, senón que teñen participación na vida social. E esta deputación caracterizouse sempre por unha política social dirixida a contactar con moitos sectores sociais, directamente, sen intervir os concellos polo medio, non é o único interlocutor desta deputación os concellos, é un interlocutor privilexiado, pero non o único, e temos dereitos lexítimo como Corporación a dirixírmonos a calquera entidade que nos pareza que merece apoio e que deba recibilo.

Toda esa historia que vostede presenta, sabe vostede que supoño que vostede actuaría así, non o poña na miña boca, non se atreva a opinar por que nós facemos unha determinada actuación, presentando dunha forma nesgada, opine do que vostede pensa facer. A realidade é que nós montamos un programa que era beneficioso para os veciños dos concellos, as asociacións de veciños destas tres cidades, altamente beneficioso, e vostedes recoñecérono mantendo este programa e facendo a convocatoria este ano, esa é a realidade. Durante catro anos vostedes dixeron que non, e agora din que si, esa é a diferenza entre vostedes e nós, nós dixemos que si e seguimos dicindo que si, no goberno ou na oposición, porque nos parecen programas que son absolutamente necesarios.

Cando, desgraciadamente, as cousas que teñen o seu curso, se acaba unha obra, temos dereito lexítimo a acabala e a dicir que está acabada, e amoblada ademais, un edificio amoblado, e vostedes saben, e aquí están os técnicos da deputación que o poden certificar, tanto o Sr. secretario coma o Sr. interventor, que despois das eleccións locais non puidemos tomar decisións que implicasen compromiso de gasto, porque eles entenderon, e nós respectamos porque eles defendían a legalidade, que despois das eleccións non podíamos tomar decisións que representasen incremento de gasto. E despois diso nós fixemos todo o que estaba na nosa man para tentar recuperar ese famoso crédito, que efectivamente foi un erro que nós xa recoñecemos aquí perante este pleno, de ter retirado crédito ás asociacións de veciños, porque foi temporalmente por outras cousas, pero despois converteuse en algo que prexudicou ás propias asociacións, e xa o

recoñecemos aquí sen dó ningún, pero tentamos recuperalo porque presentamos, antes de que rematase a lexislatura, un expediente de modificación de créditos para restabelecer o crédito destinado ás asociacións de veciños, vostede esquecese dese pequeno detalle, e esquecese da realidade que había aquí.

Vostedes dixéronlle ás asociacións que, ou entregaban eses locais e renunciaban ao dereito que tiñan, porque ese dereito non nace do convenio, nace da propia decisión de construír os centros, así está en toda a documentación, non é unha decisión final adoptada uns días antes do peche da lexislatura, é unha decisión consciente da deputación desde o inicio da contratación, desde o inicio do expediente, moitas destas obras nacen no ano 2001.

Vostedes pensan que o Concello de Santiago neste caso é o que ten que ter absoluta capacidade de tomar decisións, e falan de o integrar na rede de centros socioculturais, vostede si que non visitou os centros, eu visiteinos todos moitas veces, pero imos ver, vostede non se enteira de que o centro de “Meixonfrío” e o centro de “San Lázaro” son centros de titularidade privada e están na rede de centros socioculturais e reciben apoio do Concello de Santiago?, e non é o Concello de Santiago o titular destes centros que pertencen a entidades distintas, e diso está vostede enteirado, de que fala? Nos centros socioculturais poderíanse integrar perfectamente aínda que a titularidade fose da deputación e a usasen asociacións de veciños, como pasa en “Casa Agraria”, como pasa en “San Lázaro”.

Non fale vostede do que fan os demais, procure vostede falar do seu porque está equivocado, Sr. Candela, está equivocado. A realidade pura e dura é que a deputación iniciou unha actuación, que parcialmente continúa e onde vostede puido meter un pouco a pegada, cambiouse o obxectivo. Desgraciadamente é así, nós dicimos, moi ben, imos votar en contra, porque seguimos defendendo o que a deputación acordou no seu momento, estamos a falar do ano 2000, 2001, 2002; o demais son intentos de mesturar o que vostede pensa, o que vostede supón que pensa que fan os demais, pero reitérolle que vostede pense o que fai vostede, que o que facemos os demais xustificámolo con feitos e con actos positivos aquí nesta deputación. Moitas grazas.

Sr. Candela Castrillo

Os feitos, Sr. Rodríguez, a verdade é que o desmenten a vostede completamente, son absolutamente irreversíbeis, é dicir, o feito de que vostede inaugurara un local social destes centros socioculturais e que, efectivamente, figurara na súa placa e non funcionara

desde o día en que o inaugurou, isto é un feito absolutamente incuestionábel, é incuestionábel o feito de que as propias asociacións ás que me referín, ás que se lle cederon eses centros sen ningún tipo de cobertura nin de apoio, efectivamente renunciásen, é feito do fracaso dese Plan, ou desa parte do Plan no que vostede pretendía, efectivamente, ter unha posibilidade de actuar contra eses gobernos dos que, efectivamente, mire vostede, vostede gañou as eleccións, siga gañando todas as eleccións así, mentres que outros seguirán gobernando eses concellos, ou neste caso a Deputación provincial.

Pero a verdade vostede fala, efectivamente que iso si é unha absoluta falsidade, e así quero que conste, de que vostede si que está a pór a esta institución dicindo que nós forzamos a esas asociacións de veciños a que presentasen esa renuncia, iso é unha absoluta falsidade, e polo tanto así debe constar. Son as propias asociacións de veciños as que renuncian voluntariamente despois do fracaso dese proxecto que vostede concibiu e que vostede impulsou e, polo tanto, nós aquí o que lle estamos a dar é unha solución razoábel, que cambia, evidentemente, a filosofía coa que vostedes a formularon, porque a súa intencionalidade política é unha intencionalidade política claramente partidaria, á marxe deses concellos e contra os propios gobernos municipais.

Neste sentido o que pretendemos é que eses centros socioculturais estean abertos a todas as asociacións de veciños, as asociacións de veciños, ás culturais, ás deportivas, e que teñan, digamos, eses propios centros a garantía do seu funcionamento e a responsabilidade dunha institución pública, non dunha asociación de veciños, que ten, efectivamente, unha característica que vostede debe saber moi ben, que é que teñen escasa capacidade para poder afrontar a responsabilidade de xestionar centros, como por exemplo pode ser o centro da “Rocha”, que é un centro absolutamente importante, que non ten ningunha capacidade a propia asociación para poder levar adiante a súa actividade.

En consecuencia vostede falsea, e ademais iso ten que facelo con probas, porque se non é un auténtico insulto o que vostede está a facer, de que nós estamos a presionar, de que presionamos a esas asociacións de veciños para que renunciásen a ese convenio de cesión de uso que vostede formalizou sete días antes de que tomase posesión o novo goberno provincial.

Conseguentemente vostede non pode, porque evidentemente así o manifestou, cambiar a realidade dos feitos, non hai máis que lerias superficiais e hipóteses, efectivamente, que vostede fai, non probadas. Conseguentemente o que si é unha realidade é que nós imos abrir eses centros socioculturais, que van poder funcionar, que van estar ao dispor das asociacións de veciños e de todas as asociacións que existan nese barrio ou nesa zona para que poidan desenvolver as súas actividades, e que terán toda a garantía e a independencia e autonomía plena para poder desenvolver as súas actividades neses centros

culturais, ou na rúa, ou onde queiran, pero efectivamente, elas, de maneira autónoma e independente, as asociacións de veciños e o resto das asociacións dese barrio. Iso que nós lles imos garantir, á parte de lle garantir aos veciños a través da propia actividade dos centros socioculturais que ten o Concello de Santiago, se é o caso, efectivamente, unha actividade ordinaria de todo tipo, de índole cultural, social, etc. Moitas grazas, Sr. presidente.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Vostede volve insistir nun intento, e garántolle que é inútil porque os nosos interlocutores neste momento son as asociacións de veciños; nós somos os protagonistas, pero o noso interlocutor é a sociedade provincial, e moi particularmente neste caso as asociacións de veciños. Cando reciban a acta deste pleno, Sr. Candela, elas son as que o van xulgar a vostede, non a min, e eu sigo na oposición en Santiago de Compostela; vostede é o que vai ser xulgado polas asociacións de veciños, e garántolle, estou seguro, estou a falar para elas neste momento, de que vostede non vai recibir ese trato favorábel, porque a xente sabe quen lle axudou, sen ningún tipo de contraprestación política, a xente sabe quen fixo programas en beneficio deles sen lle pedir nada a cambio, que traballou por crer que o movemento veciñal tiña dereito a progresar. Eses somos nós. Vostede di que nós falseamos a realidade cando vostedes presionaron ás asociacións de veciños. Vostedes, o Concello de Santiago, o goberno municipal, simplemente lles dixeron que, ou cedían, ou non pagaban; non sei como se chama iso, eu digo que isto é así, e así queda na acta deste pleno e a van ler os directivos desas asociacións, e eles dirán se estou eu no certo ou non, ou se integran, ou renuncian vostedes, ou non terán unha peseta. Esa é a realidade; eses son os que o van xulgar a vostede, non eu.

En canto a que estes locais non só vaian para asociacións de veciños, senón tamén para asociacións culturais, deportivas, en Santiago de Compostela, hai máis de corenta locais destinados a asociacións de veciños, uns de carácter municipal, outros, como lle dicía anteriormente, de titularidade privada, integrados todos eles na rede de centros socioculturais do concello. E eles son os titulares destes centros, e estes teñen a mesma natureza, non teñen por que ser distintos destes outros. Se o vai abrir a todos os centros, asociacións culturais, deportivas, sociais... será con todos, non con estes catro, será con todos.

Polo tanto, non utilice eses criterio, ou ese intento de xustificación. Eu, por suposto, non cambio a realidade nin fago inútiles contos; falo para os que estamos a traballar, para a cidadanía da provincia, e en particular para os membros das asociacións veciñais; vostede non sei para quen fala. Moitas grazas.

Sr. Candela Castrillo

Eu quero, en primeiro lugar, dicirlle a don Dositeo por se non o sabe, que xa nos anos setenta a persoa que lle fala foi un dos impulsores dunha das primeiras asociacións de veciños en Santiago, que se chama Asociación de Veciños do Ensanche. Coñezo as asociacións de veciños e o movemento veciñal desde hai moitos anos, case trinta anos, seguramente vostede naquela época estaba noutros lados, e desde entón, desde entón, sigo loitando en función e a favor dos veciños, dos cidadáns, dándolles o papel protagonista que lles corresponde.

En segundo lugar di vostede que as asociacións de veciños van xulgar, efectivamente, espero que xulguen quen lles crea problemas e quen llos resolve, quen fai convocatorias de subvencións e quen lle quita o crédito para poder dar esas subvencións, e quen llas resolve e quen lle dá o diñeiro exactamente e convoca as convocatorias correspondentes de subvencións cos créditos e as resolve nun tempo. Claro que van xulgar, e as asociacións de veciños van xulgala, quen, en definitiva, abre eses centros socioculturais, quen os pon en funcionamento e quen lles vai dar a cobertura física básica para poder desenvolver autónoma e independentemente as súas actividades. Sen dúbida ningunha, eu tamén me remito a iso.

Pero o que si non lle permito é que siga mantendo esa infamia, que consta xa en acta e espero que conste, porque Sr. presidente, vaime vostede permitir que me reserve as accións legais que considere oportunas, como deputado, como concelleiro de Santiago e como membro desta institución, porque rexeito plenamente esa imputación falsa que fai o Sr. Dositeo respecto da presión e da chantaxe que está tratando de pór enriba da mesa. Isto é unha falsidade, é unha infamia, e como tal, voume permitir reservarme, con base nas declaracións feitas polo Sr. Dositeo no Pleno, reservarme as accións legais que considere oportuno.

E respecto ao papel da deputación, é un tema moi longo, nós entendemos, os socialistas, que a Deputación provincial ten un papel, ten un papel institucional, non como cuarta ou quinta administración, ten un papel e non queremos que desapareza, porque ten un papel institucional que xogar, un papel de axudar aos concellos para prestar todo tipo de servizos e as obrigas e as competencias que a propia lei lles encarga expresamente. Moitas grazas, Sr. presidente.

Sr. presidente

Eu penso que isto xa está suficientemente debatido.

O debate vaino pechar o presidente facendo uso das súas prerrogativas. Polo tanto, Sr. Dositeo, eu penso que isto está suficientemente debatido...

Sr. Rodríguez Rodríguez

Non vou aceptar que diga que vai exercer as accións legais...

Sr. presidente

Se as exerce, vostede terá dereito a defenderse. Sr. Dositeo, non reabra ningún debate, xa se debateu suficientemente.

En calquera caso, quero dicir que, tal como anunciou o Sr. Dositeo, nin o grupo socialista nin o grupo nacionalista na anterior lexislatura estiveron de acordo con este programa. Non lle debe de resultar a ninguén ningunha novidade, a ninguén dos que sentaron nestes escanos na anterior lexislatura, as palabras do Sr. Candela na súa primeira intervención, porque xusto o que el dixo é o que eu denunciarei como voceiro do grupo socialista, e o que denunciou o Sr. Rodríguez Doval como voceiro do grupo nacionalista galego. Hai algo que é incontrovertíbel: os centros inauguráronse e non funcionan; nós imos facer que funcionen, que sirvan á sociedade e que presten os cometidos para os que foron previstos.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (11 -PSOE e 5 -BNG)

Votan en contra: 15 deputados (PP)

Abstéñense: Ningún.

ACORDO

Verbo deste punto, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aceptar a renuncia das Asociacións "A Unión de Vilvestro" e "Nosa Señora de Belén" á cesión de uso dos locais

2º) Iniciar expediente de cesión de uso ao Concello de Santiago de Compostela dos seguintes inmóbeis:

A.VV. "Nosa Señora de Belén", de Santa Cristina de Fecha".-

- CONCELLO: Santiago de Compostela.

- SITUACIÓN DO INMÓBEL: Trátase de tres pequenas parcelas (nº 5.031, 5.032 e 5.033) ben situadas pola localización céntrica na parroquia de Santa Cristina de Fecha, no

lugar de Gamil, nas inmediacións da igrexa. As parcelas 5.033 e 5.032 están unidas entre si, separadas da parcela 5.031 polo camiño de acceso á igrexa.

- SUPERFICIE: As parcelas 5.033 e 5.032 reúnen entre as dúas unha superficie de 709 m² en terreo duro e con lixeira pendente, suficiente para acoller unha edificación. A parcela 5.031 é terreo chan dedicado a arboredo e ten unha cabida superficial de 150 m², ideal para completar a urbanización do contorno. Superficie total 859 m² segundo escritura e 838 m² segundo proxecto.

- REFERENCIA CATASTRAL:

Parcela 5.031: 150790000051405031ZR (150 m²)

Parcela 5.032: 150790000051405032ZA (467 m²)

Parcela 5.033: 150790000051405033ZK (242 m²)

- OBRA NOVA: Edificación composta de dous módulos ou edificacións conectadas por medio dunha terraza cuberta por unha marquesiña, con destino de uso sociocultural. O edificio principal consta de planta baixa e planta semisoto cunha superficie construída de 225,57 m². O outro edificio consta dunha planta baixa de superficie construída de 49,92 m². a estrutura combina estrutura metálica con muros de contención de formigón. Os pechamentos están formados por zócolos de cachotería, pechamentos de formigón visto e cuberta de zinc.

A.VV. "A Unión de Santa María de Vilvestro".-

- CONCELLO: Santiago de Compostela.

- SITUACIÓN DO INMÓBEL: Paraxe de Agro Novo, lugar de Tras Igrexa, parroquia de Santa María de Vilvestro.

- SUPERFICIE: Terreo edificábel de 1.090 m² segundo escritura e 1.063 m² segundo proxecto, que se segrega do predio matriz resultante da concentración parcelaria de Santa María de Vilvestro, sinalada co número 447.

- REFERENCIA CATASTRAL:

150790000150200447ZZ

- OBRA NOVA: Edificación illada de forma triangular composta de planta soto, baixa e primeira, destinada a uso sociocultural, cunha superficie total construída de 530,17 m². Estrutura mixta de formigón armado e piares metálicos. Pechamentos formados de bloques cerámicos alixeirados e revestidos pola súa cara exterior con morteiro monocapa. Particións interiores de ladrillo oco dobre e tabiques autoportantes de cartón xeso. Cuberta ventilada rematada en zinc.

A.VV. da Rocha "Serafin Zas".-

- CONCELLO: Santiago de Compostela.

- SITUACIÓN DO INMÓBEL: Co nome de "A Rocha" - Rocha Vella, trátase da casa nº 3 da Rúa do Veado, que consta de planta baixa e un piso alto con dúas paredes medianeiras que a dividen en tres corpos ou departamentos.

- SUPERFICIE:

Terreo: 641,50 m².

Construción: 598,03 m².

- REFERENCIA CATASTRAL:

4754346NH3445F0001RI

- OBRA NOVA : Edificación illada de grao de protección non integral composto de planta baixa, primeira e altiño cunha superficie total construída de 598,03 metros cadrados. Destinado a uso sociocultural. Estrutura a base de muros mestres de perpiaño e cachotería. Tabiques con pladur. Forxados de madeira con pontóns de madeira de teca sobre perfís metálicos e cuberta de forxado de lousa de formigón con trabes metálicas e rematado de zinc.

A.VV. "Ruta Xacobe".-

- CONCELLO: Santiago de Compostela.

- SITUACIÓN DO INMÓBEL: Co nome de "San Paio de Sabugueira", trátase da casa sinalada co nº 33 (parcela 2282-A), composta de planta baixa, planta alta e espazo de aproveitamento baixo cuberta, destinada a vivenda unifamiliar. Co terreo non edificado que a rodea forma un só predio que ocupa unha extensión de 12 a 15 ca, correspondéndolle á casa uns 131 m², cun total de 263 m² construídos.

- SUPERFICIE: Total, segundo escritura 1.215 m² e segundo proxecto 1.775 m².

- REFERENCIA CATASTRAL:002100800NH45B0001/PY

- OBRA NOVA: Edificación composta de planta baixa, planta primeira e planta baixo-cuberta, destinada a uso sociocultural. Estrutura realizada con piares, trabes e forxados de formigón armado e divisións e pechamentos realizados con fábrica de ladrillo oco.

3ª) Aprobar o texto do convenio onde se concretan as condicións de cesión de uso ao Concello de Santiago de Compostela, condicionado á aprobación definitiva do expediente de cesión.

De conformidade co establecido na cláusula QUINTA do convenio a Deputación aboaralle ao Concello de Santiago de Compostela a cantidade de 145.000 euros por ano os tres primeiros anos de cesión, coa finalidade de contribuír á posta en funcionamento e mantemento dos centros, a partir da anualidade 2005 e suxeito á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente exceptuando a porcentaxe de anualidade para os efectos do disposto no art.174 do Texto refundido da lei de facendas locais

4º) Someter o expediente a información pública polo prazo de 15 días, mediante anuncio que se ha publicar no BOP, para oír reclamacións, que serán resolvidas polo Pleno da Corporación.

5º) Dar conta da cesión de uso á Comunidade Autónoma de Galicia.

6º) Unha vez cumprido o trámite a que se refire o apartado 4º será sometido novamente o expediente para a súa aprobación definitiva polo Pleno.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA A CESIÓN DOS LOCAIS DESTINADOS ÁS ASOCIACIONES DE VECIÑOS “A UNIÓN DE VILLESTRO”, “SERAFÍN ZAS DA ROCHA”, “NOSA SEÑORA DE BELÉN DE STA. CRISTINA DE FECHA” E “RUTA XACOBEA DE LAVACOLLA”

Santiago de Compostela, de 2004

REUNIDOS

Dunha parte o *Ilmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda*, que intervén neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, actuando como presidente e conforme as competencias que ten atribuídas.

Doutra, o *Ilmo. Sr. D. Xosé A. Sánchez Bugallo*, Alcalde-presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

Ambos os dous facultados para subscribir o presente convenio en nome e representación das devanditas entidades, en virtude das facultades que lles confiren respectivamente os artigos 21 e 34 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación cos artigos 61 e 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia.

EXPOÑEN

Primeiro:

Que a Excm. Deputación Provincial é titular dos seguintes inmóbeis sitios no termo municipal do Concello de Santiago de Compostela:

* Parcela destinada a albergar a sede da “AA.VV Sta. María de Villestro” de 1.090 metros cadrados segundo escritura e de 1.063 metros cadrados segundo o proxecto de superficie que linda con NORTE: confluencia de zona excluída con camiño de Rojos a Reborido. SUR: resto do predio matriz que conserva Dna. Sara Pachón Suárez e D. Antonio Liñares

Pachón. LESTE: con camiño de Roxos a Reborido. OESTE: zona excluída, e ten unha superficie construída de 530,17 m2 constando de soto, planta baixa e primeira.

TÍTULO: Compravenda a Dna. Sara Pachón Suárez e D. Antonio Liñares Pachón, segundo escritura autorizada polo notario D. Emilio López de Paz, con data do 10 de xullo de 2001, nº de protocolo 569. O 27 de xullo de 2001 outorgouse outra escritura reparadora da anterior con nº de protocolo 662.

REFERENCIA CATASTRAL: non consta.

DATOS REXISTRAS: Rexistro da Propiedade nº 2 de Santiago. Tomo 1304. Libro 346. Folio 75. Predio nº 30.883 bis.

CARGAS: Afecta ao cumprimento das cargas urbanísticas que resulten da normativa e plan urbanístico aplicábel.

VALORACIÓN:

Concepto	Aprobación	Importe
Adquisición do terreo	Resol. nº 7244, de 20.04.2001	60.101,21
Honorarios redacción proxecto	Resol. nº 11524, de 29.06.2001	11.990,19
Obras	Resol. nº 12403, de 09.08.2002	367.929
Honorarios dirección obra e seguridade e saúde	Resol. nº 12771, de 16.08.2002	11.795,3
Mobiliario	Resol. nº 7980, de 09.05.2003	66.944,46
Equipamento informático	Resol. nº 22523, de 20.12.2001	15.548,07
Total		534.308,23

*Parcela destinada a albergar a sede da "AA.VV Serafin Zas da Rocha" de 641,50 metros cadrados de superficie que linda con NORTE: resto do predio matriz. SUR: casa dos herdeiros de Dolores Barral e terreo de Avelino Couselo. LESTE: resto do predio matriz. -OESTE: camiño público, hoxe Rúa do Veado, e ten unha superficie construída de 598,03 M2.

TÍTULO: Compravenda a "Promociones Rox 98,S.L." segundo escritura autorizada polo notario D. Rafael Souto Álvarez o 8 de agosto de 2002. Nº protocolo 266.

REFERENCIA CATASTRAL: 4754346NH3445F0001RI

DATOS REXISTRAS: Rexistro da Propiedade nº 2 de Santiago. Tomo 1.338. Libro 380. Folio 203. Predio 33.466.

CARGAS: Afecta ao cumprimento das cargas urbanísticas que resulten da normativa e plan urbanístico aplicábel.

VALORACIÓN:

Concepto	Aprobación	Importe
Adquisición do inmóbel	Resol. nº 7570, de 26.04.2001	165.879,34

Obras	Resol. nº 21324, de 23.12.2002	478.561,1
Honorarios dirección obra e seguridade e saúde		12.020,24
Mobiliario	Exp. mod. créd. aprob 30.07.2004	98.000
Total		754.460,68

*Parcela destinada a albergar a sede da “AA.VV Nosa Señora de Belén de Sta. Cristina de Fecha” de 859 metros cadrados de superficie segundo escritura e 838 metros cadrados segundo proxecto, que linda con NORTE: predio nº 5.034 de Dna. Mercedes García Noya e adro da igrexa, SUR: acaba en punta, LESTE: camiño e predio 5030 de D. Salvador Quintela Codesido e OESTE: predios 144 e 145 de Dna. Carmen González, e ten unha superficie construída de 275,49 M2.

TÍTULO: Compravenda á A.VV. "Nosa Señora de Belén", segundo escritura autorizada polo notario D. Emilio López de Paz, con data do 10 de xullo de 2001. Nº de protocolo 569.

REFERENCIA CATASTRAL: Predio 5031: 150790000051405031ZR. Predio 5032: 15079000001405032ZA. Predio 5033: 15079000001405033ZK.

DATOS REXISTRAS: Non constan.

CARGAS: Afecta ó cumprimento das cargas urbanísticas que resulten da normativa e plan urbanístico aplicábel.

VALORACIÓN:

Concepto	Aprobación	Importe
Adquisición do terreo	Resol. nº 7245, de 20.04.2001	9.015,18
Honorarios redacción proxecto	Resol. nº 11792, de 05.06.2001	10.528,72
Obras	Resol. nº 12402, de 09.08.2002	343.829,89
Honorarios dirección obra e seguridade e saúde	Resol. nº 12771, de 16.08.2002	9.651,33
Mobiliario	Resol. nº 7980, de 09.05.2003	35.517,09
Total		408.542,21

*Parcela destinada a albergar a sede da “AA.VV Ruta Xacobeana de Lavacolla” de 1.215 metros cadrados de superficie segundo escritura e 1.775 Metros cadrados segundo proxecto, que linda con NORTE: Antonio Iglesias Suárez (parcela 2.283). SUR: parcela 2.282-B. LESTE: camiño. OESTE: parcelas 2.284 e 2.285 do Plan de concentración parcelaria, e ten unha superficie construída de 551,54 M2 constando de planta baixa, planta primeira e planta baixo-cuberta.

TÍTULO: Compravenda a D. Ramiro Oubel Freire e Dna. M^a del Carmen Cotón García, segundo escritura autorizada polo notario D. Rafael Souto Álvarez, o 26 de agosto de 2002, co n^o 327 do seu protocolo.

REFERENCIA CATASTRAL: 002100800NH45B001/PY

DATOS REXISTRAS: Non consta.

CARGAS: Afecta ao cumprimento das cargas urbanísticas que resulten da normativa e plan urbanístico aplicábel.

VALORACIÓN:

Concepto	Aprobación	Importe
Adquisición do inmovible	Resol. n ^o 11226, de 10.07.2002	213.503
Honorarios redacción proxecto		9.137,66
Obras	Resol. n ^o 6688, de 22.04.2003	175.126,07
Honorarios dirección obra e seguridade e saúde		6.260,1
Equipamento informático		24.296,82
Mobiliario, instal. eléct., captación auga	Exp. mod. créd. aprob 30.07.2004	39.812,69
Total		468.136,34

SEGUNDO.- Que a Deputación provincial dispuxo a construción destes equipamentos sociais no exercicio das competencias que lle confire a normativa vixente para a cooperación no desenvolvemento económico e social dos municipios.

TERCEIRO.- Que ao coincidir o ámbito de actuación dos usuarios co termo municipal o Concello de Santiago de Compostela solicita a cesión do uso das devanditas instalacións por ser ademais da Administración Local máis próxima e destinataria da actividade veciñal, a que conta cunha infraestrutura de xestión capaz de coordinar adecuadamente a xestión dos centros coas asociacións interesadas.

Por todo iso e co fin de establecer as condicións de colaboración necesarias e acadar os fins propostos, a Deputación e o Concello de Santiago de Compostela acordan subscribir o presente convenio segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO E ALCANCE DO CONVENIO.

Constitúe o obxecto deste convenio a cesión de uso a título gratuito ao Concello de Santiago de Compostela, dos terreos e edificacións de titularidade da Deputación Provincial da Coruña, segundo aparecen descritos no expoñendo primeiro do presente documento.

SEGUNDA: PRAZO.

A autorización de uso realízase por un período de TRINTA anos (30 anos). Este período poderá ser prorrogado por períodos de CATRO (4 anos), por acordo da Excm. Deputación Provincial, despois da petición do Concello de Santiago de Compostela, na que se xustifiquen debidamente as razóns que motivan a necesidade ou conveniencia da prórroga, a solicitude de prórroga deberá formalizarse perante a Deputación provincial cunha antelación mínima de seis meses antes de que expire o prazo da súa vixencia.

TERCEIRA: DESTINO.

Os bens obxecto da presente autorización de uso, destinataranse aos fins previstos ao servizo dos veciños das respectivas zonas como centros socioculturais.

A Deputación provincial poderá realizar as inspeccións que estime necesarias para comprobar que os citados inmóbeis se destinan ao fin que motiva a autorización. O incumprimento desta obriga por parte do Concello de Santiago de Compostela dará lugar á extinción do convenio.

CUARTA: UTILIZACIÓN.

A utilización dos bens obxecto da cesión entrará en vigor na data da súa entrega pola Excm. Deputación Provincial, despois da formalización das oportunas actas de recepción e o anexo do inventario que se xunta ao presente convenio.

QUINTA: ACHEGA DA DEPUTACIÓN PARA A SÚA POSTA EN FUNCIONAMENTO.

A Deputación aboaralle ao Concello de Santiago de Compostela a cantidade de 145.000 euros por ano os tres primeiros anos de cesión, coa finalidade de contribuír á posta en funcionamento e mantemento dos centros, a partir da anualidade 2005 e suxeito á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente.

O pago farase contra presentación de certificación expedida polo secretario do concello no que se acrediten os gastos derivados do funcionamento e mantemento de cada un dos

centros polos seguintes conceptos: enerxía eléctrica, auga, teléfono, mantemento das instalacións, persoal, reparacións, limpeza e outros gastos correntes derivados da realización de actividades nos centros. No suposto de que os gastos xustificadas fosen inferiores minorarase a achega da Deputación.

SEXTA: OBRIGAS DO CONCELLO

- A) Os centros cedidos integraranse na rede de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela.
- B) O concello reservará en cada un dos centros, un local para uso exclusivo como despacho para a asociación de veciños.
- C) O Concello de Santiago de Compostela comprométese a facerse cargo de todos os gastos relativos ao mantemento, reparación e conservación dos terreos e instalacións, sen prexuízo das subvencións que poida outorgar a Deputación ou calquera outra entidade para esta finalidade.
- D) Manter os fins da cesión de acordo co disposto no presente convenio.
- E) O Concello de Santiago de Compostela deberá presentar ao final de ano, unha memoria xustificativa onde consten os gastos da xestión, derivados dos custos de persoal e gastos correntes relativos ao funcionamento, mantemento, conservación e reparación do recinto e instalacións.
- F) Calquera obra que deba realizarse no inmóbel precisará da autorización previa da Deputación salvo as propias de uso e mantemento.
- G) A Deputación non asumirá o pago do IBI dos inmóbeis.

SÉTIMA: VENCEMENTO.

O presente convenio finalizará polas seguintes causas:

- A) Vencemento do termo da cesión de uso ou de calquera das prórrogas que puideran outorgarse de acordo co establecido na cláusula segunda deste convenio.
- B) Mutuo acordo entre a Deputación e o Concello de Santiago de Compostela.
- C) Denuncia da autorización por calquera das partes formulada cunha antelación mínima de DOCE meses (12 meses).
- D) Incumprimento da obriga referida nas cláusulas quinta e sexta.
- E) Incumprimento polo Concello de Santiago de Compostela do obxecto ou fin da autorización do inmóbel.
- F) Inobservancia por parte do Concello de Santiago de Compostela aos requirimentos da Excm. Deputación en relación co incumprimento por aquel das obrigas establecidas no presente convenio.

Á finalización do presente convenio por calquera destas causas producirase a reversión dos terreos e instalacións á Excm. Deputación Provincial, coas súas eventuais melloras e

accesorios, quedando extinguido automaticamente o dereito de ocupación dos anteriores bens outorgados ao Concello de Santiago de Compostela por medio do presente convenio.

A Excm. Deputación Provincial non asumirá, en ningún caso, os contratos de traballo que puidera ter levado a cabo o Concello de Santiago para o cumprimento dos seus fins, sen que polo tanto, poida de ningunha forma entenderse que a reversión implique a sucesión de empresa prevista na lexislación.

A Deputación mediante ADENDAS a este convenio poderá formalizar a cesión de uso do mobiliario.

OITAVA: XURISDICIÓN.

Conforme ao establecido no artigo 3º do Real decreto 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundio da lei de contratos das administracións públicas, o presente convenio queda fóra de ámbito de aplicación da devandita lei, debendo regularse polas súas propias normas. Non obstante aplicarase por analoxía os principios da Lei de contratos das administracións públicas, e no seu defecto, os xerais do dereito administrativo, para a resolución de dúbidas que puidera presentar o cumprimento deste convenio.

As cuestións litixiosas que puidesen xurdir na interpretación ou incumprimento das obrigas que deriven do presente convenio, resolveranse por vía administrativa e, no seu caso, mediante a xurisdición contencioso-administrativa na materia regulada pola lei da citada xurisdición.

Faise constar o presente convenio foi aprobado por

De conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, e obrigando con todo isto ás administracións que representan, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Asdo.- Salvador Fernández Moreda

Asdo. Xosé A. Sánchez Bugallo

9.- APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN *SOCIEDAD FINISTERRE EN AMÉRICA* (ARGENTINA) PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROXECTO DE AXUDA SOLIDARIA.

INTERVENCIÓNS

Sr. Torres Colomer

Antes de comezar coa miña intervención, non só sobre este punto, senón até o catorce, ambos os dous inclusive, quero darlle, como non, a benvida ao novo deputado, Sr. Ferreiro, e como no, tamén felicitar publicamente ao deputado, Sr. Nogueira, por esa medalla tan merecida que onte recibiu do corpo da Policía nacional.

Dito isto, Sr. presidente, que as miñas palabras non se tomen, volvo repetir, imos englobar o punto 9 até o 14, ambos os dous inclusive, onde hai convenios de axudas a varias asociacións de emigrantes, tanto en Arxentina, Uruguai, ou en Venezuela, que non se tomen como un intento de lle detraer nin un só euro a estas asociacións, que o necesitan e o merecen plenamente, e ademais anticipo que imos votar a favor de todos eses puntos, pero pensa o noso grupo que as cousas deberían facerse doutra maneira. Creo que se houbo concorrencia, ou se houbo máis información recibida pola colaboración coa Xunta de Galicia, seguramente habería outros centros que tamén necesitarían ese apoio económico que se está a dar a eses centros. E creo que se igual hai singularidade ou excepcionalidade para aprobar aquí eses convenios en pleno, pois tamén hai esa singularidade ou excepcionalidade seguramente aumentada noutros centros, e falo de centros como pode ser o Centro de Vedra, o Centro do Partido Xudicial de Corcubión, o de Boiro en Avellaneda, etc., cantidade de centros, e como non! o Centro dos veciños de Outes, que están alí necesitados. Polo tanto, neste sentido, o que queremos dicir, Sr. presidente, é que creo que estas subvencións, ou deben regularse desde esta deputación, ou ten que haber colaboración coa Xunta de Galicia, que coñece perfectamente as necesidades, e está a facer, eu creo que un reparto económico, non só ás asociacións, senón a nivel persoal, a persoas necesitadas, que vostede o viviu, viuno, e tamén, se mal non recordo, gabou a xestión e como se repartiron eses cartos aos veciños e veciñas necesitados, sobre todo na república de Arxentina e no Río da Prata.

Polo tanto, consideramos que isto debe, ou regularse, ou ter máis información, ou ir coordinados, non só coa Xunta de Galicia, onde hoxe aprobamos unha modificación de

créditos de 50.000 euros para a Fundación Galicia Emigración, que se non hai outra partida -que agora non me lembro- no orzamento que a apoie, paréceme unha contía pequena, se hai outra contía, que agora non me lembro neste intre, por suposto estamos para a apoiar, que así sexa. Ou tamén coa propia Consellaría, ou co fondo de solidariedade da FEGAMP. Penso que hai camiños para que isto se faga o mellor posíbel, e poder acertar o mellor posíbel con esa xente necesitada, e non digo só no Río da Prata, senón tamén en Brasil, Venezuela, ou onde sexa necesario.

E ben, isto que estou a dicir, os mesmos técnicos desta deputación o din, desde o xefe do Servizo, desde o Sr. interventor e o Sr. secretario xeral, dalgunha forma, na súa información no expediente, concretamente o Sr. secretario di: “faise constar que non figura no expediente ningún trámite de coordinación, ou polo menos de información con outras administracións, singularmente coa Xunta de Galicia, tendo en conta o establecido na Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude e ordes da Consellaría de Emigración, con data do 11 de febreiro de 2004, para as que se regulan os programas de axuda de subvencións de apoio infraestrutural, social, etc., etc.”, e tamén conclúe o Sr. secretario xeral dicindo que as subvencións non teñen a concorrencia debida, independentemente de que tamén fala de que o Pleno ten que mostrar a singularidade ou excepcionalidade, que seguramente todas e cada unha destas asociacións a teñen.

Polo tanto, anuncio aquí, Sr. presidente, imos votar aquí a favor de todos estes puntos, non faltaría máis, pero tamén anuncio que no próximo Pleno presentaremos unha moción onde no próximo orzamento do ano 2005 se habilite a partida suficiente para que, dalgún xeito, se regulen estes fondos para, ou dar directamente desta forma regulada a estas asociacións ou sociedades creadas na emigración pola nosa xente, ou con coordinación con esas institucións que falábamos. Nada máis e moitas grazas.

Sr. presidente

Grazas, Sr. Torres, agradézolle o voto favorábel do seu grupo a todos estes puntos. E efectivamente, ten razón, son 50 millóns de pesetas, e son insuficientes, e son estes centros e podían ser 20 centros máis. Estes centros coñéceos vostede perfectamente, porque estivemos alí, o Centro Domselaar coñéceo vostede, ese asilo de anciáns que acolle a galegos indixentes, coñece o labor que está a facer o Sr. Marcote, porque estivemos no centro e penso que nos saltaron as bágoas a todos naquel centro de Avellaneda, e coñece a realidade que estamos a facer.

Mantemos a coordinación e a colaboración coa Xunta de Galicia, neste expediente de modificación de créditos vén unha partida para achegar á Fundación Galicia Emigración, e no próximo Pleno eu quero traer a proposta de nos incluír como patróns

nesa fundación. Por unha razón lóxica: se estamos a achegar diñeiro, queremos estar alí para saber como se distribúe este diñeiro e como se gasta este diñeiro.

Tamén quero dicir, para coñecemento público e para coñecemento dos señores e señoras deputados que non hai nisto ningún afán político partidario, imos ir á República Arxentina e imos ir a Montevideo unha delegación da deputación, non do goberno da deputación; unha delegación institucional, presidida polo seu presidente e integrada por un membro de cada grupo político que aquí está, e alí, nestes centros asinaremos os convenios coas entidades beneficiarias, e será un labor institucional da deputación como un compromiso de todos os grupos da deputación coa emigración, un compromiso de solidariedade e apoio a galegos que están a demandar a nosa axuda, e merecen e necesitan a nosa axuda, e non será para nada unha actuación política partidaria, será, como digo, unha actuación institucional onde teremos presenza todos os grupos.

E o que quero e proporei ao próximo Pleno é que a deputación participe como patroa na Fundación Galicia Europa, e estamos tamén mantendo os nosos compromisos de financiamento ao fondo galego de solidariedade coa FEGAMP. O que si é que temos unha filosofía diferente, é dicir, se imos distribuír diñeiro, ou distribuímos diñeiro ou participamos nós na definición de obxectivos, o que non imos facer é dar diñeiro a un organismo para que distribúa o diñeiro como lle pareza sen ter información e sen saber como se gasta. En calquera caso, creo que queda salvagardado coa presenza institucional de todos os grupos políticos na sinatura deste convenio, e coa translación á opinión pública de que non é unha opción partidista, senón que é unha opción institucional da deputación.

Sr. Torres Colomer

Moitas grazas de novo, Sr. presidente, alégrome moito de que se asine ese convenio novamente coa Xunta de Galicia nese convenio Galicia Emigración, ou Galicia América, en calquera deles, e tamén que se estea no fondo de solidariedade da FEGAMP, e a verdade o que desexo é que sexa coa contía máis grande. E por suposto, a deputación, que ten o seu dereito de saber como se distribúen os seus fondos, pois está no seu dereito pleno. Se eu dicía desa coordinación tamén é porque a Consellaría de Emigración coñece perfectamente as necesidades na diáspora da nosa xente.

E penso que nas miñas palabras, presidente, non houbo a máis mínima mención de que isto era unha medida electoral, nin moito menos, coñezo aquelas necesidades, como ben dixo vostede, e que esta xente ben merece eses gastos, pero debemos tentar que chegue a moita máis xente, e velo, estudalo coa propia Consellaría de Emigración, ou nós mesmos regulándoo dalgunha forma. Nada máis e moitas grazas.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio que figura como anexo entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a *Asociación Sociedad Finisterre en América* (Argentina) para a posta en marcha dun plan de axudas solidaria, cunha achega provincial de 18.000 euros que se aboará consonte a cláusula 2ª do convenio con cargo a aplicación presupostaria 0103/463C/48999, nº de rexistro 8.049 do 24/09/04.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN FINISTERRE EN AMÉRICA (ARGENTINA) PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROXECTO DE AXUDA SOLIDARIA.

A Coruña, de de 2004

REUNIDOS

Dunha parte D. Salvador Fernández Moreda, que intervén neste acto en nome e representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña, actuando como presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. José Trillo Ballón, que intervén neste acto en nome e representación da Sociedade Civil "*Asociación Finisterre en América*", cuxo domicilio social se acha na rúa 12 de outubro 629 da cidade de Avellaneda, provincia de Buenos Aires (Argentina), entidade sen ánimo de lucro constituída en 1926 ao abeiro da lexislación da República de Argentina, actuando como presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas de acordo co artigo 24 dos seus estatutos.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN

Primeiro:

A Deputación da Coruña, en adiante Deputación, é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten entre as súas fins propias e específicas garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, sendo competencias propias, entre outras, as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

A *Asociación Finisterre en América* é unha institución privada sen fins de lucro de carácter cultural, recreativo e deportivo, que tamén realiza actuacións asistenciais entre as súas asociadas e a emigración galega en xeral.

Segundo

As asociacións de comunidades galegas no exterior son, en moitos casos, o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe. A provincia da Coruña, a súa cidadanía e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias se encontran afastados da súa terra.

Terceiro

A problemática situación económica e social pola que están a atravesar a maioría dos países latinoamericanos, incluída Argentina, trae consigo que moitos dos cidadáns galegos que neles residen estean a vivir unha insostíbel situación de precariedade económica e asistencial.

Cuarto

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades procurar unha mellor calidade de vida para aqueles que están máis necesitados, prestando especial atención ao colectivo da terceira idade, xa que é este colectivo o que máis sofre as consecuencias da crise económica e, en moitos casos, lle impide dispor dos medios para garantir a súa cobertura asistencial mínima.

É por iso que ambas as dúas entidades, ao estimar conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir unha calidade de vida mínima para a comunidade galega no exterior, acordan a celebración dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

Pór en marcha un Plan de axuda solidaria, que cubra as necesidades básicas da inmigración galega con máis dificultades socio-económicas na cidade de Avellaneda (Buenos Aires, Argentina).

SEGUNDA: CONTIDO DA COLABORACIÓN

A Deputación da Coruña comprométese a achegar a cantidade de 18.000€ para asegurar a posta en marcha do Plan de axuda solidaria, 100% do custo da actuación que se ha financiar.

A *Asociación Finisterre en América* comprométese a realizar as actuacións necesarias para que o Plan de axuda solidaria se desenvolva durante o período de 1 ano, atendendo adecuadamente ás persoas máis necesitadas e con menos posibilidades económicas. O Plan de axuda solidaria comprende tres áreas de actuación:

- a) Administrativa: posta en coñecemento público do proxecto, análise de solicitudes, confección de plans individuais e dun padrón (4.500€, 25% orzamento).
- b) Sanitaria: prestación de servizos de atención médica primaria (9.000€, 50% orzamento).
- c) Social: seguimento individualizado dos beneficiarios do programa (4.500€, 25% orzamento).

No suposto de que a prestación non a realice a propia asociación, esta comprométese (de conformidade co disposto no art. 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións), con carácter previo á realización das obras, a solicitar, polo menos, un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, escollendo de entre as recibidas a que resulte máis adecuada conforme a criterios de eficiencia e economía, e debendo xustificarse a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

A achega da Deputación materializarase mediante as seguintes transferencias bancarias á conta designada pola entidade:

- 1ª transferencia: 4.500€ (25% do total da achega) á sinatura do convenio. Previamente á transferencia, a entidade remitiralle á Deputación garantía suficiente equivalente ao importe anticipado.
- 2ª transferencia: 4.500€ (25% do total da achega) á recepción da xustificación acreditativa dos gastos realizados no PAS por importe superior a 4.500€.
- 3ª transferencia: 4.500€ (25% do total da achega) á recepción da xustificación acreditativa dos gastos realizados no PAS por importe superior a 9.000€.

4ª transferencia: 4.500€ (25% do total da achega) á recepción da xustificación acreditativa dos gastos realizados no PAS por importe superior a 13.500€.

En todo caso, a solicitude da 4ª e última transferencia realizarase antes do 31 de outubro de 2005.

A última transferencia xustificaraa a *Asociación Finisterre* no prazo de 45 días contados dende a recepción material daquela. Coa proposta de aprobación da última xustificación poderá tramitarse a proposta de cancelación da garantía constituída.

Non obstante o indicado para o sistema de pagamentos, a entidade beneficiaria poderá optar por remitir con carácter previo a cada pagamento a documentación xustificativa correspondente, en cuxo caso non terá obriga de prestar a garantía mencionada.

A *Asociación Finisterre en América* comprométese a remitir como documentación xustificativa do desenvolvemento do Plan de axuda solidaria:

- Informe do presidente da entidade no que se identifiquen as actuacións realizadas, persoas directamente beneficiadas pola axuda e os gastos efectuados.
- Facturas, nóminas, recibos e outras pezas xustificativas de gastos realizados na prestación de servizos previsto no plan.

As transferencias bancarias correspondentes materializaranse tras os informes previos do Servizo de Planificación e Control; Patrimonio e Contratación e da Intervención de Fondos Provinciais.

Para os efectos de cuantificar o gasto da subvención xustificada na documentación moeda distinta ao euro, aplicarase o tipo de cambio oficial establecido no día de remisión de documentación xustificativa á Deputación. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

A *Asociación Finisterre en América* comprométese a comunicarlles a todos os seus socios o financiamento do Plan de axuda solidaria con cargo aos orzamentos da Deputación da Coruña.

A *Asociación Finisterre en América* comprométese a pór en coñecemento da Deputación aquelas axudas que lle sexan concedidas para a mesma finalidade. A achega provincial reducirase na medida en que a axuda percibida minore o custo do proxecto financiado.

TERCEIRA: DIRECCIÓN TÉCNICA DO CONVENIO.

A dirección técnica do presente convenio corresponderalle ao Servizo de Planificación e Control.

CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO.

O presente convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura até a terminación da actividade obxecto de financiamento. En ningún caso o convenio producirá efectos máis alá do 31 de decembro de 2005.

QUINTA: INTERPRETACIÓN.

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación do presente convenio integraranse, interpretarán e resolverán motivándoas a Deputación da Coruña, de acordo co disposto no presente convenio e a normativa española aplicábel, principalmente na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non obstante o indicado no parágrafo anterior, calquera das partes poderá iniciar as accións xurisdicionais que estimase oportunas, declarándose neste mesmo convenio sometidas ambas as dúas ao foro xurisdiccional dos órganos da Administración de Xustiza que sexan competentes no ámbito da Coruña.

SEXTA: INCUMPRIMENTO

O incumprimento de calquera das estipulacións do presente convenio constituirá causa suficiente de resolución deste.

A *Asociación Finisterre en América* deberá reintegrarlle ao erario provincial aquelas cantidades que percibidas con carácter previo á realización da actividade financiada, non fosen adecuadamente xustificadas. A aplicación dos xuros de mora correspondentes non procederá cando o incumprimento obedecese a causa non imputábel á entidade beneficiaria.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data do

E en proba de conformidade asinan este convenio en exemplar cuadruplicado no lugar e data expresados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O PRESIDENTE DA *ASOCIACIÓN*

PROVINCIAL DA CORUÑA

FINISTERRE EN AMÉRICA

Asdo.- Salvador Fernández Moreda

Asdo.- José Trillo Ballón

10.- APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN BENÉFICA DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA DE CARACAS (VENEZUELA) PARA A PRESTACIÓN DUN SERVIZO DE ATENCIÓN MÉDICA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio que figura como anexo entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a *Asociación Benéfica de la Provincia de A Coruña* de Caracas (Venezuela) para a prestación dun servizo de atención médica, cunha achega provincial de 24.000 euros, que se aboará consonte a cláusula 2ª do convenio con cargo a aplicación presupostaria 0103/463C/48999, nº de rexistro 8.046 do 24/09/04.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E ASOCIACIÓN BENÉFICA PROVINCIA DE A CORUÑA DE CARACAS (VENEZUELA) PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE ATENCIÓN MÉDICA

A Coruña, de de 2004

REUNIDOS

Dunha parte D. Salvador Fernández Moreda, que intervén neste acto en nome e representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña, actuando como presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Juan Antonio Oti Loza, que intervén neste acto en nome e representación da Sociedade Civil "Asociación Benéfica Provincia da Coruña", cuxo domicilio social se acha na Avenida de Urbaneta, La Candelaria, da cidade de Caracas (Venezuela), entidade sen ánimo de lucro constituída ao abeiro da lexislación da República de Venezuela, actuando como presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas de acordo co artigo 43 e 44 dos seus estatutos.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN

Primeiro:

A Deputación da Coruña, en adiante Deputación, é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten entre as súas fins propias e específicas garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, sendo competencias propias, entre outras, as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

A Asociación Benéfica Provincia de A Coruña é unha institución privada sen fins de lucro de carácter benéfico, constituída para a protección e socorro mutuo entre os asociados, entre cuxas fins figura o promover, fomentar e desenvolver actividades de carácter cultural, deportivo, recreativo, coa finalidade de obter fondos que entón deberán traducirse en beneficios asistenciais, de previsión e axuda en xeral para os membros da asociación.

Segundo

As asociacións de comunidades galegas no exterior son, en moitos casos, o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe. A Provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias se encontran afastados da súa terra.

Terceiro

A problemática situación económica e social pola que están a atravesar a maioría dos países latinoamericanos, en especial a de Venezuela, trae consigo que moitos dos cidadáns galegos que neles residen estean a vivir unha insostíbel situación de precariedade económica e asistencial.

Cuarta

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades procurar unha mellor calidade de vida para aqueles que están máis necesitados, prestando especial atención ao colectivo da terceira idade, xa que é este colectivo o que máis sofre as consecuencias da crise económica e, en moitos casos, impídelle dispor dos medios para garantir a súa cobertura asistencial mínima.

É por iso que ambas as dúas entidades, estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir unha calidade de vida mínima para a comunidade galega no exterior, acordan a celebración dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

Prestar asistencia médica aos socios da *Asociación Benéfica Provincia de A Coruña* que se encontren en situación de precariedade económica.

SEGUNDA: CONTIDO DA COLABORACIÓN

A Deputación da Coruña comprométese a achegar a cantidade de 24.000 € para asegurar a asistencia médica aos socios da asociación que a necesiten, que supón o 100% do custo da actividade.

A *Asociación Benéfica* comprométese a realizar as actuacións necesarias para que os servizos de asistencia médica se presten adecuadamente ás persoas máis necesitadas e con menos posibilidades económicas, subscribindo no seu nome os seguros médicos correspondentes durante un período de 12 meses. Estimándose o custo mensual do seguro médico en 100€, beneficiaranse directamente desta axuda 240 persoas:

Período de cobertura	Cota seguro médico	Nº de Beneficiarios	TOTAL
12	100 €	240	24000,00 €

A entidade beneficiaria comprométese (de conformidade co disposto no art. 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións), con carácter previo á subscripción dos seguros médicos, a solicitar un mínimo de tres ofertas de diferentes entidades aseguradoras, escollendo de entre as recibidas a que resulte máis adecuada conforme a criterios de eficiencia e economía, e debendo xustificarse a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

A achega da Deputación materializarase mediante as seguintes transferencias bancarias á conta designada pola entidade:

- 1ª transferencia: 6.000€ (25% do total que se ha achegar) á sinatura do convenio. Previamente á transferencia, a entidade remitiralle á Deputación garantía suficiente equivalente ao importe anticipado.
- 2ª transferencia: 6.000€ (25% do total que se ha achegar) á recepción da xustificación acreditativa da prestación dos servizos de atención médica no período de referencia e gasto íntegro da cantidade anteriormente percibida.
- 3ª transferencia: 6.000€ (25% do total que se ha achegar) á recepción da xustificación acreditativa da prestación dos servizos de atención médica durante o

período de referencia e gasto íntegro das cantidades anteriormente percibidas.

4ª transferencia: 6.000€ (25% do total que se ha achegar) á recepción da xustificación acreditativa da prestación dos servizos de atención médica e gasto íntegro das cantidades anteriormente percibidas.

En todo caso, a solicitude da 4ª e última transferencia realizarase antes do 31 de outubro de 2005.

A última transferencia xustificaraa a *Asociación Benéfica* no prazo de 45 días contados dende a recepción material daquela. Coa proposta de aprobación da última xustificación poderá tramitarse a proposta de cancelación da garantía constituída.

Non obstante o indicado para o sistema de pagamentos, a entidade beneficiaria poderá optar por remitir con carácter previo a cada pagamento a documentación xustificativa correspondente, en cuxo caso non terá obriga de prestar a garantía mencionada.

A *Asociación Benéfica* comprométese a remitir como documentación xustificativa de prestación dos servizos de atención médica:

- Informe do presidente da entidade no que se detallen as actuacións realizadas no período de referencia e se identifiquen as persoas beneficiadas pola axuda.
- Factura/s e/ou recibo/s de pólizas de seguros médicos emitidos pola entidade ou as entidades que presten os servizos de atención médica correspondentes.

As correspondentes transferencias bancarias materializaranse despois dos informes do Servizo de Planificación e Control; Patrimonio e Contratación e da Intervención de Fondos Provinciais.

Para os efectos de cuantificar o gasto da subvención xustificado en moeda distinta ao euro, aplicarase o tipo de cambio oficial establecido no día de remisión da documentación xustificativa á Deputación. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

A *Asociación Benéfica* comprométese a comunicarlles a todos os seus socios o financiamento da asistencia médica aos asociados con cargo aos orzamentos da Deputación da Coruña.

A *Asociación Benéfica* comprométese a pór en coñecemento da Deputación aquelas axudas que lle sexan concedidas para a mesma finalidade. A achega provincial reducirase na medida que a axuda percibida minore o custo da asistencia financiada.

TERCEIRA: DIRECCIÓN TÉCNICA DO CONVENIO.

A dirección técnica do presente convenio corresponderalle ao Servizo de Planificación e Control.

CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO.

O presente convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura até a finalización da actividade obxecto de financiamento. En ningún caso o convenio subministrará efectos máis alá do 31 de decembro de 2005.

QUINTA: INTERPRETACIÓN.

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación do presente convenio integraranse, interpretarán e resolverán motivándoas a Deputación da Coruña, de acordo co disposto no presente convenio e na normativa española aplicábel, principalmente na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non obstante, calquera das partes poderá iniciar as accións xurisdicionais que estimase oportunas, declarándose neste mesmo convenio sometidas ambas as dúas ao foro xurisdiccional dos órganos da Administración de Xustiza que sexan competentes no ámbito da Coruña.

SEXTA: INCUMPRIMENTO

O incumprimento de calquera das estipulacións do presente convenio constituirá causa suficiente de resolución deste.

A *Asociación Benéfica* deberá reintegrar ao erario provincial aquelas cantidades que percibidas con carácter previo á realización da actividade financiada, non fosen adecuadamente xustificadas. A aplicación dos xuros de mora correspondentes non procederá cando o incumprimento obedecese a causa non imputábel á entidade beneficiaria.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data do

E en proba de conformidade asinan este convenio en exemplar cuadruplicado no lugar e data expresados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O PRESIDENTE DE LA ASOCIACIÓN

DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA

BENÉFICA PROVINCIA DE A CORUÑA

Asdo.- Salvador Fernández Moreda

Asdo. Juan Antonio Oti Louza

11.- APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CIVIL DE BENEFICENCIA "HOGAR ESPAÑOL" (MONTEVIDEO-URUGUAY).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio que figura como anexo entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a *Asociación Civil de Beneficiencia "Hogar Español"* (Montevideo-Uruguay), cunha achega provincial de 60.000 euros que se aboará consonte a cláusula 2ª do convenio con cargo a aplicación presupostaria 0103/463C/78999, nº de rexistro 8.045 do 24/09/04.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CIVIL DE BENEFICENCIA "HOGAR ESPAÑOL" DE MONTEVIDEO (URUGUAY) PARA REALIZAR UN CENTRO DE DÍA

A Coruña, de de 2004

REUNIDOS

Dunha parte D. Salvador Fernández Moreda, que intervén neste acto en nome e representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Benito Grande Quintana, que intervén neste acto en nome e representación da *Asociación Civil de Beneficiencia "Hogar Español"*, cuxo domicilio social áchase na Avenida das Instrucións 981, da cidade de Montevideo (Uruguay), entidade sen ánimo de lucro constituída ao abeiro da lexislación da República Oriental de Uruguay, actuando como presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas de acordo co artigo 32 dos seus estatutos.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN

Primeiro:

A Deputación da Coruña, en adiante Deputación, é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten entre as súas fins propias e específicas garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, sendo competencias propias, entre outras, as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

O *Hogar Español de Montevideo* (Uruguay) é unha institución privada sen fins de lucro, constituída para atender aos españois nativos, anciáns e desamparados de familiares. Entre as súas fins figura o asilar anciáns imposibilitados para o traballo e carentes de medios de subsistencia e parentes que poidan mantelos; resolver os problemas da ancianidade entre os españois nativos, prestando os servizos necesarios que requira a súa atención.

Segundo

As asociacións de comunidades galegas no exterior son, en moitos casos, o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe. A provincia da Coruña, as súa cidadanía e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias se encontran afastados da súa terra.

Terceiro

A problemática situación económica e social pola que están a atravesar a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitos dos cidadáns galegos que neles residen estean a vivir unha insostíbel situación persoal de precariedade económica e asistencial.

Cuarto

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades procurar unha mellor calidade de vida para aqueles que están máis necesitados, prestando especial atención ao colectivo da terceira idade, xa que é este colectivo o que máis sofre as consecuencias da crise económica e, en moitos casos, lle impide dispor dos medios para garantir a súa cobertura asistencial mínima.

É por iso que ambas as dúas entidades, ao estimar conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir unha calidade de vida mínima para a comunidade galega no exterior, acordan a celebración dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

Habilitar un centro de día no primeiro piso da Casona, sede do *Hogar Español*, que dea prestacións asistenciais inmediatas aos socios desta entidade.

SEGUNDA: CONTIDO DA COLABORACIÓN

A Deputación da Coruña comprométese a achegar a cantidade de 60.000€ para a creación dun centro de día no *Hogar Español*, 100% do custo da actuación que se ha financiar.

O *Hogar Español* comprométese a realizar as obras necesarias para habilitar un centro de día, orzadas en 60.000€. Para habilitar o centro de día realizaranse as seguintes obras:

Conformación de tres salóns multiuso de 42m ² , 51m ² e 29m ² con demolición de tabiques e execución de pisos antiesvaradío	31.000 €
Adecuación e renovación total de 2 baños	7.500 €
Adecuación de 3 dormitorios cos seus baños ao uso do descanso esporádico diúrno e atención individualizada	12.500 €
Acondicionamento de salón de estar que conecta con habitacións con traballos illamento, reparación revocaduras, revestimentos e carpinterías, pinturas, etc	9.000 €

A entidade beneficiaria comprométese (de conformidade co disposto no art. 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións), con carácter previo á realización das obras, a solicitar, polo menos, un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, escollendo de entre as recibidas a que resulte máis adecuada conforme a criterios de eficiencia e economía, e debendo xustificarse a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

A achega da Deputación materializarase mediante as seguintes transferencias bancarias á conta designada pola entidade:

- 1ª transferencia: 15.000€ (25% do total da achega) á sinatura do convenio. Previamente á transferencia, a entidade remitiralle á Deputación garantía suficiente equivalente ao importe anticipado.
- 2ª transferencia: 15.000€ (25% do total da achega) á recepción da xustificación acreditativa da realización dun importe de obra equivalente ou superior a 15.000€.
- 3ª transferencia: 15.000€ (25% do total da achega) á recepción da xustificación acreditativa da realización dun importe de obra equivalente ou superior a 30.000€.
- 4ª transferencia: 15.000€ (25% do total da achega) á recepción da xustificación acreditativa de realización de obra por importe equivalente ou superior a 45.000€.

En todo caso, a solicitude da 4ª e última transferencia realizarase antes do 31 de outubro de 2005.

A derradeira transferencia xustificaraa o *Hogar Español* no prazo de 45 días contados dende a recepción material daquela. Coa proposta de aprobación da última xustificación poderá tramitarse a proposta de cancelación da garantía constituída.

Non obstante o indicado para o sistema de pagamentos, a entidade beneficiaria poderá optar por remitir con carácter previo a cada pagamento a documentación xustificativa correspondente, en cuxo caso non terá obriga de prestar a garantía mencionada

O *Hogar Español* comprométese a remitir como documentación xustificativa da realización da obra:

- Informe do presidente da entidade.
- Informe de arquitecto ou técnico equivalente que detalle as obras realizadas.
- Factura ou facturas, ou outros documentos de valor probatorio equivalente, emitidas pola empresa ou empresas responsábeis da realización material da obra.

As correspondentes transferencias bancarias materializaranse tras os informes previos do Servizo de Planificación e Control; Patrimonio e Contratación e da Intervención de Fondos Provinciais.

Para os efectos de cuantificar o gasto da subvención xustificado en moeda distinta ao euro, aplicarase o tipo de cambio oficial establecido no día de remisión da documentación xustificativa á Deputación. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

O *Hogar Español* comprométese a comunicarlles a todos os seus socios o financiamento da obra con cargo aos orzamentos da Deputación da Coruña, deixando constancia pública disto á finalización dela.

O *Hogar Español* comprométese a pór en coñecemento da Deputación aquelas axudas que lle sexan concedidas para a mesma finalidade. A achega provincial reducirase na medida que a axuda percibida minore o custo da obra financiada.

O *Hogar Español* comprométese a destinar o ben á fin concreta para a que se concedeu a subvención, que non poderá ser inferior a cinco anos. O incumprimento da obriga de destino será causa de reintegro da subvención percibida nos termos establecidos na lei.

TERCEIRA: DIRECCIÓN TÉCNICA DO CONVENIO.

A dirección técnica do presente convenio corresponderalle ao Servizo de Planificación e Control.

CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO.

O presente convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura até a terminación da obra que se ha financiar. En ningún caso o convenio subministrará efectos máis alá do 31 de decembro de 2005.

QUINTA: INTERPRETACIÓN.

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación do presente convenio integraranse, interpretarán e resolverán motivándoas a Deputación da Coruña, de acordo co disposto no presente convenio e a normativa española aplicábel, principalmente na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non obstante o indicado no parágrafo anterior, calquera das partes poderá iniciar as accións xurisdicionais que estime oportunas, declarándose neste mesmo convenio sometidas ambas as dúas ao foro xurisdiccional dos órganos da Administración de Xustiza que sexan competentes no ámbito da Coruña.

SEXTA: INCUMPRIMENTO

O incumprimento de calquera das estipulacións do presente convenio constituirá causa suficiente de resolución deste.

O *Hogar Español* deberá reintegrar ao erario provincial aquelas cantidades que percibidas con carácter previo á realización das obras, non fosen adecuadamente xustificadas. Non procederá a aplicación dos xuros de mora correspondentes ás cantidades

que se han reintegrar, cando o incumprimento obedecese a causa non imputábel á entidade beneficiaria.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data do

E en proba de conformidade asinan este convenio en exemplar cuadruplicado no lugar e data expresados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA
ASOCIACIÓN CIVIL DE BENEFICENCIA
HOGAR ESPAÑOL

Asdo.- Salvador Fernández Moreda

Asdo.Benito Grande Quintana

12.- APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A SOCIEDAD ESPAÑOLA DE BENEFICENCIA (VENEZUELA) PARA A POSTA EN MARCHA DUN SERVIZO MÉDICO DE EMERXENCIA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio que figura como anexo entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a *Sociedad Española de Beneficiencia* (Venezuela) para a posta en marcha dun servizo médico de emerxencia, cunha achega provincial de 60.000 euros que se aboará segundo a cláusula 2ª do convenio con cargo a aplicación presupostaria 0103/463C/78999, nº de rexistro 8.045 do 24/09/04.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A SOCIEDAD ESPAÑOLA DE BENEFICENCIA (VENEZUELA) PARA A POSTA EN MARCHA DUN SERVIZO MÉDICO DE EMERXENCIA

A Coruña, de de 2004

REUNIDOS

Dunha parte D.Salvador Fernández Moreda , que intervén neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, actuando como presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. José Luis Cerezo Baños, que intervén neste acto en nome e representación da Fundación “*Sociedad Española de Beneficencia*”, cuxo domicilio social se acha na Avenida Universidade, Centro Parque Carabobo Torre A, 3º da Candelaria, da cidade de Caracas (Venezuela), entidade sen ánimo de lucro constituída en 1999 ao abeiro da lexislación da República de Venezuela, actuando como residente e conforme ás competencias que ten atribuídas de acordo co artigo 20 dos seus estatutos.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN

Primeiro:

A Deputación da Coruña, en adiante Deputación, é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten entre as súas fins propias e específicas garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, sendo competencias propias, entre outras, as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

A *Sociedad Española de Beneficencia* é unha fundación privada sen fins de lucro cuxo obxecto fundacional é prestar atención, no seu amplo sentido, aos españois residentes en Venezuela e aos seus familiares, mediante o outorgamento de axudas nas circunstancias que así o requiran.

Segundo

As asociacións de comunidades galegas no exterior son, en moitos casos, o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe. A provincia da Coruña, a súa cidadanía e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias se encontran afastados da súa terra.

Terceiro

A problemática situación económica e social pola que están a atravesar a maioría dos países latinoamericanos, incluída Venezuela, trae consigo que moitos dos cidadáns galegos que neles residen estean a vivir unha insostíbel situación de precariedade económica e asistencial.

Cuarto

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades procurar unha mellor calidade de vida para aqueles que están máis necesitados, prestando especial atención ao colectivo da emigración española, na que se inclúe a numerosa colectividade galega, gravemente afectado polas continuas crises económicas que, en moitos casos, lles impide dispor dos medios indispensábeis para garantir a súa cobertura asistencial mínima.

É por iso que ambas as dúas entidades, ao estimar conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir unha calidade de vida mínima para a comunidade galega no exterior, acordan a celebración dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

Pór en marcha un servizo médico de emerxencia na sede da *Sociedad Española de Beneficencia* coa adquisición do material mínimo imprescindible.

SEGUNDA: CONTIDO DA COLABORACIÓN

A Deputación da Coruña comprométese a achegar a cantidade de 60.000€ para a dotación dun servizo médico de emerxencia, 100% do custo da actuación que se ha financiar.

A *Sociedad Española de Beneficencia* comprométese a realizar as actuacións necesarias para a adecuada dotación dun servizo médico de emerxencia. O Servizo Médico de Emerxencia contará, polo menos, coa seguinte dotación:

1. Mobiliario: padiolas, bancos, cadeiras, aparello aire acondicionado, biombos, portasoros19.100€
2. Equipos médicos: tensiómetro, estetoscopio, báscula, negatoscopio, nebulizador, equipo osixenoterapia, equipo de O.R.L. Riester, laringoscopio de fibra óptica, lámpada de luz branca, equipo de succión, equipo de cirurxía menor, ambú, táboa espiñal, resucitador15.600€
3. Equipos adicionais: autoclave 21 l., electrocardiógrafo, desfibrilador, carro de paro e monitor non invasor.....25.300€

A entidade beneficiaria comprométese (de conformidade co disposto no art. 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións), con carácter previo á realización das obras, a solicitar, polo menos, un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, escollendo de entre as recibidas a que resulte máis adecuada conforme a criterios de

eficiencia e economía, e debendo xustificarse a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

A achega da Deputación materializarase mediante as seguintes transferencias bancarias á conta designada pola entidade:

- 1ª transferencia: 15.000€ (25% do total da achega) á sinatura do convenio. Previamente á transferencia, a entidade remitiralle á Deputación garantía suficiente equivalente ao importe anticipado.
- 2ª transferencia: 15.000€ (25% do total da achega) á recepción da xustificación acreditativa dos gastos realizados na dotación do S.M.U. por importe superior a 15.000€.
- 3ª transferencia: 15.000€ (25% do total da achega) á recepción da xustificación acreditativa dos gastos realizados na dotación do S.M.U. por importe superior a 30.000€.
- 4ª transferencia: 15.000€ (25% do total da achega) á recepción da xustificación acreditativa dos gastos realizados na dotación do S.M.U. por importe superior a 45.000€.

En todo caso, a solicitude da 4ª e derradeira transferencia realizarase antes do 31 de outubro de 2005.

A derradeira transferencia xustificaraa a *Sociedad Española* no prazo de 45 días contados dende a recepción material daquela. Coa proposta de aprobación da última xustificación poderá tramitarse a proposta de cancelación da garantía constituída.

Non obstante o indicado para o sistema de pagamentos, a entidade beneficiaria poderá optar por remitir con carácter previo a cada pagamento a documentación xustificativa correspondente, en cuxo caso non terá obriga de prestar a garantía mencionada.

A *Sociedad Española de Beneficencia* comprométese a remitir como documentación xustificativa da dotación do Servizo Médico de Urgencia:

- Informe do presidente da entidade no que se identifiquen as adquisicións realizadas.
- Facturas, recibos e/ou outras pezas xustificativas de gastos realizados na dotación.

As transferencias bancarias correspondentes materializaranse tras os informes previos do Servizo de Planificación e Control; Patrimonio e Contratación e da Intervención de Fondos Provinciais.

Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionábel xustificado en moeda distinta ao euro, aplicarase o tipo de cambio oficial establecido no día de remisión da documentación xustificativa á Deputación. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

A Sociedad Española de Beneficencia comprométese a comunicarlles a todos os seus socios a dotación do Servizo Médico de Urgencia con cargo aos orzamentos da Deputación da Coruña.

A Sociedad Española de Beneficencia comprométese a pór en coñecemento da Deputación aquelas axudas que lle sexan concedidas para a mesma finalidade. A achega provincial reducirase na medida en que a axuda percibida minore o custo do proxecto financiado.

A Sociedad Española de Beneficencia comprométese a manter o Servizo Médico de Urgencia durante un período non inferior a cinco anos. O incumprimento da obriga de destino, salvo causa de imposibilidade xustificada, será causa de reintegro da subvención percibida nos termos establecidos na lei.

TERCEIRA: DIRECCIÓN TÉCNICA DO CONVENIO.

A dirección técnica do presente convenio corresponderalle ao Servizo de Planificación e Control.

CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO.

O presente convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura até a realización das adquisicións obxecto de financiamento. En ningún caso o convenio subministrará efectos máis alá do 31 de decembro de 2005.

QUINTA: INTERPRETACIÓN.

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación do presente convenio integraranse, interpretarán e resolverán motivándoas a Deputación da Coruña, de acordo co disposto no presente convenio e a normativa española aplicábel, principalmente na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non obstante o indicado no parágrafo anterior, calquera das partes poderá iniciar as accións xurisdicionais que estimase oportunas, declarándose neste mesmo convenio sometidas ambas as dúas ao foro xurisdiccional dos órganos da Administración de Xustiza que sexan competentes no ámbito da Coruña.

SEXTA: INCUMPRIMENTO

O incumprimento de calquera das estipulacións do presente convenio constituirá causa suficiente de resolución deste.

A *Sociedad Española de Beneficencia* deberá reintegrarlle ao erario provincial aquelas cantidades que percibidas con carácter previo á realización do equipamento, non fosen adecuadamente xustificadas. A aplicación dos xuros de mora correspondentes non procederá cando o incumprimento obedecese a causa non imputábel á entidade beneficiaria.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data do

E en proba de conformidade asinan este convenio en exemplar cuadruplicado no lugar e data expresados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA *SOCIEDAD*
ESPAÑOLA DE BENEFICENCIA

Asdo.- Salvador Fernández Moreda

Asdo. José Luis Cerezo Baños

13.- APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CENTRO GALLEGO DE JUBILADOS Y PENSIONADOS DE LA REPÚBLICA ARGENTINA PARA REALIZAR AS OBRAS DE MELLORA NO CENTRO SOCIAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio que figura como anexo entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o *Centro Gallego de Jubilados y Pensionados de la República Argentina* para realizar as obras de mellora no centro social, cunha achega provincial de 13.000 euros que se aboará segundo a cláusula 2ª do convenio con cargo a aplicación presupostaria 0103/463C/78999, nº de rexistro 8.048 do data 24/09/04.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CENTRO GALLEGO DE PENSIONADOS Y JUBILADOS DE LA REPÚBLICA ARGENTINA PARA REALIZAR OBRAS DE MELLORA NO CENTRO SOCIAL

A Coruña, de de 2004

REUNIDOS

Dunha parte D.Salvador Fernández Moreda, que intervén neste acto en nome e representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña, actuando como presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Perfecto Marcote Marcote, que intervén neste acto en nome e representación da Sociedade Civil “*Centro Gallego de Jubilados y Pensionados de la República Argentina*”, cuxo domicilio social se atopa na rúa 25 de maio número 462, cidade de Avellaneda, provincia de Buenos Aires (Argentina), entidade sen ánimo de lucro constituída como asociación civil en 1992 ao abeiro da lexislación da República de Argentina, actuando como presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas de acordo co artigo 17 dos seus estatutos.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN

Primeiro:

A Deputación da Coruña, en adiante Deputación, é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten entre as súas fins propias e específicas garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, sendo competencias propias, entre outras, as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

O *Centro Gallego de Jubilados y Pensionados* é unha asociación civil sen fins de lucro de carácter benéfico, constituída para a mellora da calidade de vida dos pensionistas e xubilados entre os asociados, entre cuxas actividades específicas figura a de velar pola saúde dos seus asociados.

Segundo

As asociacións de comunidades galegas no exterior son, en moitos casos, o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe. A provincia da Coruña, a súa cidadanía e as institucións que a representan teñen, e deben

manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias se encontran afastados da súa terra.

Terceiro

A problemática situación económica e social pola que están a atravesar a maioría dos países latinoamericanos, incluída Argentina, trae consigo que moitos dos cidadáns galegos que neles residen estean a vivir unha insostíbel situación de precariedade económica e asistencial.

Cuarto

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades procurar unha mellor calidade de vida para aqueles que están máis necesitados, prestando especial atención ao colectivo da terceira idade, xa que é este colectivo o que máis sofre as consecuencias da crise económica e, en moitos casos, impídelle dispor dos medios para garantir a súa cobertura asistencial mínima.

É por iso que ambas as dúas entidades, ao estimar conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir unha calidade de vida mínima para a comunidade galega no exterior, acordan a celebración dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

Financiar a realización de obras de mellora no local social.

SEGUNDA: CONTIDO DA COLABORACIÓN

A Deputación da Coruña comprométese a achegar a cantidade de 13.000€ para realizar obras de mellora no local social do *Centro Gallego*, 100% do orzamento da actuación que se ha financiar.

O *Centro Gallego de Jubilados y Pensionados* comprométese a realizar as actuacións necesarias para que na sede do centro social sito na rúa 25 de maio 462 de Avellaneda (Buenos Aires) se realicen as obras de mellora necesaria para a atención dos seus asociados. As obras de mellora que importan un total de 13.000€, consistirán en:

Adaptacións en inmóbel para utilización de maiores	7.000€
Pintura ao látex (1 man fixador e 3 mans pintura) de salas do centro	1.500€
Reforma da instalación eléctrica	4.500€
TOTAL	13.000 €

A entidade beneficiaria comprométese (de conformidade co disposto no art. 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións), con carácter previo á realización das obras, a solicitar, polo menos, un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, escollendo de entre as recibidas a que resulte máis adecuada conforme a criterios de eficiencia e economía, e debendo xustificarse a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

A achega da Deputación, materializarase mediante a remisión á beneficiaria dos seguintes cheques bancarios:

- 1º pagamento: 3.250€ (25% do total da achega) á sinatura do convenio. Previamente á remisión do cheque, a entidade remitiralle á Deputación garantía suficiente equivalente ao importe anticipado.
- 2º pagamento: 3.250€ (25% do total da achega) á recepción da xustificación acreditativa dos gastos realizados no centro social por importe superior a 3.250€.
- 3º pagamento: 3.250€ (25% do total da achega) á recepción da xustificación acreditativa dos gastos realizados no centro social por importe superior a 6.500€.
- 4º pagamento: 3.250€ (25% do total da achega) á recepción da xustificación acreditativa dos gastos realizados no centro social por importe superior a 9.750€.

En todo caso, a solicitude do 4º e derradeiro pagamento realizarase antes do 31 de outubro de 2005.

O derradeiro pagamento xustificarao o centro galego no prazo de 45 días contados dende a recepción material de cheque bancario. Coa proposta de aprobación da última xustificación poderá tramitarse a proposta de cancelación da garantía constituída.

Non obstante o indicado para o sistema de pagamentos, a entidade beneficiaria poderá optar por remitir con carácter previo a cada pagamento a documentación xustificativa correspondente, en cuxo caso non terá obriga de prestar a garantía mencionada.

O *Centro Gallego de Jubilados y Pensionados* comprométese a remitir como documentación xustificativa da realización das obras:

- Informe do presidente da entidade no que se identifiquen os gastos realizados.
- Factura, recibos e outras pezas xustificativas de gastos realizados na realización das obras.
- Informe do profesional técnico correspondente: arquitecto ou arquitecto técnico.

Os pagamentos materializaranse mediante remisión de cheque nominativo a favor da entidade beneficiaria. O cheque será conformado pola entidade bancaria que determine a Tesourería Provincial. A entrega do cheque realizaráselle ao presidente da entidade beneficiaria ou, se é o caso, persoa legalmente autorizada para a recepción. O cheque

acompañarase de escrito “xustificante de entrega” que deberá ser asinado polo receptor. O escrito de comprobación de recepción será elaborado pola Tesourería Provincial con base aos datos que figuren no correspondente mandamento de pagamento e no cheque emitido pola entidade bancaria.

As correspondentes remisións de cheques materializaranse despois dos informes do Servizo de Planificación e Control; Patrimonio e Contratación e da Intervención de Fondos Provinciais.

Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionábel xustificado en moeda distinta ao euro, aplicarase o tipo de cambio oficial establecido no día de remisión da documentación xustificativa á Deputación. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

O Centro Gallego de Jubilados y Pensionados comprométese a comunicarlles a todos os seus socios o financiamento das reformas e adaptacións realizadas no centro social con cargo aos orzamentos da Deputación da Coruña.

O Centro Gallego de Jubilados y Pensionados comprométese a pór en coñecemento da Deputación aquelas axudas que lle sexan concedidas para a mesma finalidade. A achega provincial reducirase na medida en que a axuda percibida minore o custo da reforma financiada.

O Centro Gallego comprométese a destinar o ben á fin concreta para a que se concedeu a subvención, que non poderá ser inferior a cinco anos. O incumprimento da obriga de destino será causa de reintegro da subvención percibida nos termos establecidos na lei.

TERCEIRA: DIRECCIÓN TÉCNICA DO CONVENIO.

A dirección técnica do presente convenio corresponderalle ao Servizo de Planificación e Control.

CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO.

O presente convenio estará en vigor para o ano 2004 até a terminación da obra que se ha financiar. En ningún caso o convenio subministrará efectos máis alá do 31 de decembro de 2005.

QUINTA: INTERPRETACIÓN.

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación do presente convenio integraranse, interpretarán e resolverán motivándoas a Deputación da Coruña, de acordo co disposto no presente convenio e a normativa española aplicábel, principalmente na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non obstante o indicado no parágrafo anterior, calquera das partes poderá iniciar as accións xurisdicionais que estimase oportunas, declarándose neste mesmo convenio sometidas ambas as dúas ao foro xurisdiccional dos órganos da Administración de Xustiza que sexan competentes no ámbito da Coruña.

SEXTA: INCUMPRIMENTO

O incumprimento de calquera das estipulacións do presente convenio constituirá causa suficiente de resolución deste.

O *Centro Gallego de Jubilados y Pensionados* deberá reintegrarlle ao erario provincial aquelas cantidades que percibidas con carácter previo á realización da actividade financiada, non fosen adecuadamente xustificadas. A aplicación dos xuros de mora correspondentes non procederá cando o incumprimento obedecese a causa non imputábel á entidade beneficiaria.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data do

E en proba de conformidade asinan este convenio en exemplar cuadruplicado no lugar e data expresados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DO *CENTRO GALLEGO DE
PENSIONADOS
Y JUBILADOS DE LA REPÚBLICA ARGENTINA*

Asdo.- Salvador Fernández Moreda

Asdo. Perfecto Marcote Marcote

14.- APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O *HOGAR GALLEGO PARA ANCIANOS DE BUENOS AIRES (ARGENTINA)* PARA O MANTEMENTO DO FOGAR DE ACOLLIDA DE PERSOAS MAIORES.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio que figura como anexo entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o *Hogar Gallego para ancianos de Buenos Aires* (Argentina) para o mantemento do fogar de acollida de persoas maiores, cunha achega provincial de 124.000 euros que se aboará segundo a cláusula 2ª do convenio con cargo a aplicación presupostaria, 0103/463C/48999, nº de rexistro 8.047 do 24/09/04.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O HOGAR GALLEGO PARA ANCIANOS DE BUENOS AIRES (ARGENTINA) PARA O MANTEMENTO DE FOGAR DE ACOLLIDA DE PERSOAS MAIORES

A Coruña, de de 2004

REUNIDOS

Dunha parte D. Salvador Fernández Moreda, que intervén neste acto en nome e representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña, actuando como presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Rafael Gil Malvido, que intervén neste acto en nome e representación da Sociedade Civil "*Hogar Gallego para Ancianos*", cuxo domicilio social áchase na Avenida Moreno 1270 da cidade de Buenos Aires (Argentina), entidade sen ánimo de lucro constituída en 1943 ao amparo da lexislación da República de Argentina, actuando como presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas de acordo co artigo dos seus estatutos.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN

Primeiro:

A Deputación da Coruña, en adiante Deputación, é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten entre as súas fins propias e específicas garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, sendo competencias propias, entre outras, as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

O *Hogar Gallego para Ancianos* é unha institución privada sen fins de lucro de carácter benéfico, constituída para a protección e socorro mutuo entre os asociados, entre cuxas fins figura a de prestar labor asistencial, de previsión e axuda en xeral para as persoas maiores.

Segundo

As asociacións de comunidades galegas no exterior son, en moitos casos, o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe. A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias se encontran afastados da súa terra.

Terceiro

A problemática situación económica e social pola que están a atravesar a maioría dos países latinoamericanos, incluída Arxentina, trae consigo que moitos dos cidadáns galegos que neles residen estean a vivir unha insostíbel situación de precariedade económica e asistencial.

Cuarta

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades procurar unha mellor calidade de vida para aqueles que están máis necesitados, prestando especial atención ao colectivo da terceira idade, xa que é este colectivo o que máis sofre as consecuencias da crise económica e, en moitos casos, impídelle dispor dos medios para garantir a súa cobertura asistencial mínima.

É por iso que ambas as dúas entidades, ao estimar conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir unha calidade de vida mínima para a comunidade galega no exterior, acordan a celebración dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

Mantemento do fogar de acollida Domselaar de persoas maiores que se encontran en situación de precariedade económica.

SEGUNDA: CONTIDO DA COLABORACIÓN

A Deputación da Coruña comprométese a achegar a cantidade de 124.000€ para asegurar o mantemento do servizo de acollida da residencia Domselaar, 100% do custo da actuación que se ha financiar.

O *Hogar Gallego para Ancianos* comprométese a realizar as actuacións necesarias para que a residencia de acollida Domselaar realice a súa actividade durante 1 ano atendendo adecuadamente ás persoas máis necesitadas e con menos posibilidades económicas. O orzamento estimado desta actividade é o seguinte:

Gastos de alimentación.....	27.500€
Soldos de persoal.....	77.500€
Honorarios profesionais.....	10.500€
Gastos de medicamentos e cueiros.....	8.500€
Total.....	124.000€

No suposto de que a prestación non a realice a propia asociación, esta comprométese (de conformidade co disposto no art. 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións), con carácter previo á realización das obras, a solicitar, polo menos, un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, escollendo de entre as recibidas a que resulte máis adecuada conforme a criterios de eficiencia e economía, e debendo xustificarse a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

A achega da Deputación materializarase mediante as seguintes transferencias bancarias á conta designada pola entidade:

- 1ª transferencia: 31.000€ (25% do total da achega) á sinatura do convenio. Previamente á transferencia, a entidade remitiralle á Deputación garantía suficiente equivalente ao importe anticipado.
- 2ª transferencia: 31.000€ (25% do total da achega) á recepción da xustificación acreditativa dos gastos realizados na casa de acollida por importe superior a 31.000€.
- 3ª transferencia: 31.000€ (25% do total da achega) á recepción da xustificación acreditativa dos gastos realizados na casa de acollida por importe superior a 62.000€.
- 4ª transferencia: 31.000€ (25% do total da achega) á recepción da xustificación acreditativa dos gastos realizados na casa de acollida por importe superior a 93.000€.

En todo caso, a solicitude da 4ª e última transferencia realizarase antes do 31 de outubro de 2005.

A última transferencia xustificaraa o *Hogar Gallego para Ancianos* no prazo de 45 días contados da recepción material daquela. Coa proposta de aprobación da última xustificación poderá tramitarse a proposta de cancelación da garantía constituída.

Non obstante o indicado para o sistema de pagamentos, a entidade beneficiaria poderá optar por remitir con carácter previo a cada pagamento a documentación xustificativa correspondente, en cuxo caso non terá obriga de prestar a garantía mencionada.

Hogar Gallego para Ancianos comprométese a remitir como documentación xustificativa de prestación dos servizos:

- Informe do presidente da entidade no que se identifiquen as persoas beneficiadas pola axuda e os gastos realizados.
- Facturas, recibos e outras pezas xustificativas de gastos realizados na prestación de servizos na casa de acollida.

As transferencias bancarias correspondentes materializaranse tras os informes previos do Servizo de Planificación e Control; Patrimonio e Contratación e da Intervención de Fondos Provinciais.

Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionábel xustificado en moeda distinta ao euro, aplicarase o tipo de cambio oficial establecido no día de remisión da documentación xustificativa á Deputación. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

O *Hogar Gallego* comprométese a comunicarlles a todos os seus socios o financiamento do funcionamento da casa de acollida con cargo aos orzamentos da Deputación da Coruña.

O *Hogar Gallego* comprométese a pór en coñecemento da Deputación aquelas axudas que lle sexan concedidas para a mesma finalidade. A achega provincial reducirase na medida en que a axuda percibida minore o custo da asistencia financiada.

TERCEIRA: DIRECCIÓN TÉCNICA DO CONVENIO.

A dirección técnica do presente convenio corresponderalle ao servizo de Planificación e Control.

CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO.

O presente convenio estará en vigor para o ano 2004 até a terminación da actividade obxecto de financiamento. En ningún caso o convenio subministrará efectos máis alá do 31 de decembro de 2005.

QUINTA: INTERPRETACIÓN .

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación do presente convenio integraranse, interpretarán e resolverán motivándoas a Deputación da Coruña, de acordo co disposto no presente convenio e a normativa española aplicábel, principalmente na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non obstante o indicado no parágrafo anterior, calquera das partes poderá iniciar as accións xurisdicionais que estime oportunas, declarándose neste mesmo convenio sometidas ambas as dúas ao foro xurisdiccional dos órganos da Administración de Xustiza que foran competentes no ámbito da Coruña.

SEXTA: INCUMPRIMENTO

O incumprimento de calquera das estipulacións do presente convenio constituirá causa suficiente de resolución deste.

O *Hogar Gallego para Ancianos* deberá reintegrar ao erario provincial aquelas cantidades que percibidas con carácter previo á realización da actividade financiada, non fosen adecuadamente xustificadas. A aplicación dos xuros de mora correspondentes non procederá cando o incumprimento obedecese a causa non imputábel á entidade beneficiaria.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data do

E en proba de conformidade asinan este convenio en exemplar cuadruplicado no lugar e data expresados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA SOCIDADE CIVIL
"HOGAR GALLEGO PARA ANCIANOS"

15.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO DE RECONSTRUCCIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO PONTE DO PORTO-CAMARIÑAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o proxecto MODIFICADO DO DE RECONSTRUCCIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO PONTE DO PORTO (CAMARIÑAS), código 04.7490.0002.1, cun presuposto de contrata de 493.268,80 euros que supón un incremento con respecto ao inicial de 119.211,29 euros.

2.- Formalizar en documento administrativo co adxudicatario do contrato inicial DIVICOTEL, S.L. , CIF B32181307 as modificacións do contrato que aplicando a baixa da adxudicación supón un novo prezo de adxudicación de 433.237,99 euros, que supón un incremento con respecto ao inicial de 104.703,28 euros, debendo depositar unha garantía definitiva por importe de 4.188,13 euros, correspondendo o 4% do prezo da adxudicación.

O citado importe aboarase con cargo a aplicación 0501/519Z/60187, nº de rexistro 8.077 do 27/09/04.

3.- Denegar a aprobación dos incrementos dos honorarios correspondentes a redacción do proxecto modificado e dirección e coordinación da seguridade e saúde das obras, en base as razóns expostas no informe do Servizo de Arquitectura.

Todo iso condicionado a aprobación da transferencia de crédito correspondente e a ratificación do proxecto por parte do Concello de Camariñas.”

16.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA AMPLIACIÓN DA PLATAFORMA E MELLORA DO TRAZADO NA E.P. 1909 CARBALLO A CAIÓN E ACCESO A LAGOA DENDE O P.K. 1,7 E ATÉ O P.K. 6 CARBALLO, CÓDIGO 03.1110.0008.0 INCLUÍDO NO PROXECTO DE VÍAS PROVINCIAIS 2003-2ª FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o proxecto REFORMADO DE AMPLIACIÓN DA PLATAFORMA E MELLORA DO TRAZADO NA E.P. 1909 CARBALLO A CAIÓN E ACCESO A LAGOA dende o P.K. 1,7 até o P.K. 6 co código 03.1110.0008.1, polo seu orzamento de

contrata de 1.427.359,73 euros, que representan un incremento respecto ao primitivo de 234.141,66 euros.

2.- Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo *MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES ALCUBA, S.A.* (co CIF A32100521), as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supón un novo presuposto de adxudicación de 1.046.682,89 euros, que representan un incremento respecto ao primitivo de 171.696,08 euros.

3.- Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 6.867,84 euros que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando por tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 41.867,31 euros.”

ACTUACIÓN DE CONTROL ROGOS E PREGUNTAS

(Abandona o Salón o Sr. Díz Arén)

Sr. Lamas Fernández

Nós queremos facer un rogo referente á convocatoria de axudas a entidades deportivas da provincia para actividades durante a 2004, orde ou convocatoria publicada con data do 27 de setembro de 2004, publicada no Boletín Oficial da Provincia. A verdade é que por diferentes circunstancias que creo que coñecemos perfectamente todas as señoras e señores deputados, a realidade é que o tecido deportivo da provincia non percibiu as axudas correspondentes aos exercicios económicos de 2003 e 2004. Entón imos achegar unha serie de suxestións e rogos que entendemos que serían moi interesantes, que facilitarían dalgún xeito que os clubs percibisen esas axudas referente, en concreto, á publicación da orde.

En primeiro lugar, pensamos que estaría plenamente xustificado, dado o carácter extraordinario e dada a situación do tecido deportivo da provincia da Coruña, que precisamente se permitise a entrega a conta do 40% da axuda concedida. Ademais estamos a falar de que estas axudas regulan o que é a tempada 2003-2004, tempada que xa está rematada, entendemos que sería unha medida moi operativa e moi práctica, e que as axudas 2004 se percibirían dunha forma máis inmediata por parte do tecido deportivo.

Tamén entendemos que sería interesante, á parte da publicación no Diario Oficial de Galicia, sería interesante nesta ocasión publicar mediante o correspondente anuncio nos medios de comunicación a convocatoria destas axudas, entendemos que a maioría destes

clubs non teñen acceso ou non len periodicamente o Diario Oficial de Galicia, e creo que pasarían de solicitar estas axudas.

Tamén pensamos que sería interesante ampliar o prazo de presentación, entendemos que vinte días é un prazo pequeno, pensamos que un mes sería un prazo máis axeitado; e tamén nos parece de sentido común se lle pedimos aos clubs, ao tecido deportivo, o prazo de presentación dun mes paréceme que non ten moita xustificación que unha vez que se outorga esa axuda, que tardemos dous meses en notificar esa axuda. Nese sentido, tamén entendemos que o prazo de notificación, unha vez que está concedida, sexa dun mes.

Estas son as suxestións do noso grupo, que entendemos que son positivas para o tecido deportivo e agardamos que teñan a acollida do goberno. Moitas grazas.

Sr. presidente

Grazas, Sr. Lamas. Pasaréino aos servizos técnicos para que estuden esas suxestións.

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e vinte e cinco minutos, redactándose a presente acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.